

PROGRAMACIÓN DA DISCIPLINA DE LATÍN
DO BACHARELATO

I.E.S. "XUNQUEIRA I" (PONTEVEDRA)

CURSO 2014-2015

Responsable do departamento: M^a del Mar Martín Saracho

ÍNDICE

1. OBSERVACIÓNS XERAIS	4
2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	4-5
3. OBXECTIVOS	5-6
4. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	6-7
5. TEMPORALIZACIÓN	7
6. CONTIDOS MÍNIMOS	7-9
6.1. Primeiro curso.....	7-8
6.2. Segundo curso.....	9
7. SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	10-23
7.1. Primeiro curso	10-19
7.1.1. Unidade didáctica I: "As orixes".....	10-11
7.1.2. Unidade didáctica II: "A organización político-social de Roma. Os sistemas políticos.	11-13
7.1.3. Unidade didáctica III: "Iniciación na mitoloxía e relixión romanas".....	13-15
7.1.4. Unidade didáctica IV: "A vida cotiá".....	15-17
7.1.5. Unidade didáctica V: "A romanización de Hispania e Gallaecia".....	17-19
7.2. Segundo curso	19-23
7.2.1. Unidade didáctica I: "A literatura latina, a súa transmisión e influencia posterior".....	19-21
7.2.2. Unidade didáctica II: "A romanización de Hispania e de Gallaecia".....	21-23
8. METODOLOXÍA	23-24
9. MATERIAIS E RECURSOS	24-25

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	25
11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN EN RELACIÓN	
COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	25-28
11.1. Primeiro curso.....	25-27
11.2. Segundo curso.....	27-28
12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	29
13. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS.....	30
14. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	30
15. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.....	31
16. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES..	31
17. PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS PENDENTES.....	31
18. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	31
19. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	32
20. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	32
21. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	32-33
22. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	33-34
23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	34
24. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	34-35

1. OBSERVACIÓNS XERAIS

Trátase da programación dunha materia propia da modalidade do Bacharelato de Humanidades. Iso implica o recoñecemento de que o Latín proporciona unha formación específica a quen o estudia, factor que se debe ter presente á hora de orientar a programación.

A novidade máis salientable no bacharelato LOE está en que o Latín de 2º BAC non é obrigatorio da modalidade de Humanidades.

2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

a) *Competencia na formación persoal*: a aplicación de técnicas de recollida, selección e síntese da información que manexan, a identificación de palabras clave e a distinción das ideas principais favorecen o desenvolvemento cognitivo.

b) *Competencia de aprender a aprender*: o estudo do latín, na medida en que propicia a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión e proporciona un rigor lóxico no proceso formativo, o que permitirá a aplicación da información de xeito útil nos diversos contextos ao longo da vida da persoa e dotaráa dunha meirande facilidade para atopar mecanismos de resolución dos problemas que vaian xurdindo.

c) *Competencia de autonomía persoal*: a busca, a selección e a interpretación da información, por unha banda, e, por outra, o traballo cooperativo e a posta en común dos resultados, coa correspondente valoración das achegas dos compañeiros e a corrección dos propios erros, propician o afán de superación, non só no eido da aprendizaxe, senón tamén nas relacións persoais e afectivas.

d) *Competencia no tratamento da información e nos medios dixitais*: mediante a busca de información na rede aprenderán a facer un uso crítico dos contidos que atopen; empregando as aplicacións informáticas aprenderán a elaborar traballos de investigación e como presentalos, familiarizándose así co uso das TICs.

e) *Competencia na percepción do contorno*: o Latín posibilita unha mellor comprensión dos espazos xeográfico, social e político que conforman Europa, da cultura común e da influencia de outras que seguen estando presentes no mundo actual, comprensión que permite a adopción das estratexias e decisións axeitadas fronte aos problemas que xurdan na interacción co contorno.

f) *Competencia social e cidadá*: o coñecemento das institucións e do modo de vida dos romanos axudará a entender os valores políticos, sociais e espirituais dunha Europa diversa que afonda as súas raíces na cultura grecolatina. A comparación entre as formas de vida do mundo clásico e as actuais favorecerá unha actitude crítica para valorar o bo que debemos conservar e no que melloramos e debemos seguir avanzando, v.g., na participación cidadá ou na negociación e na aplicación dos dereitos humanos en condicións de igualdade para todos. De igual modo, fomentárase o traballo cooperativo e o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

3. OBXECTIVOS

A LOE establece para o bacharelato un obxectivo primordial, que se concreta nos xerais expresados no artigo 33. Di expresamente o artigo 32. da LOE: "O bacharelato ten como finalidade proporcionarlles aos alumnos formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará aos alumnos para acceder á educación superior". Neste marco de referencia, o Latín, que ten por finalidade "mellorar a comprensión do pensamento e da tradición clásica" (C.E.O.U., 1993: 8), axuda a conseguir os coñecementos, habilidades e actitudes para o desenvolvemento das funcións sociais *-historia magistra uitae-* e colabora ao desenvolvemento da madurez cognitivo-afectiva¹ e á formación específica para os estudos superiores. A materia de Latín, pois, potencia a consecución do obxectivo xeral do bacharelato. Mais, ¿como se concreta a capacidade de comprensión do mundo clásico e como se corresponden os fins acadados cos que debe contribuír a desenvolver, a nivel xeral, o bacharelato? Na especificación dos obxectivos seguiremos, como é preceptivo, o *DCB* galego e contrastarémolos cos obxectivos xerais do bacharelato explicitados na LOE (art. 33). Son estes:

a) Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina. Este obxectivo está en relación co *i)* da LOE, que consiste en dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

b) Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el. Este obxectivo axuda a desenvolver as capacidades *e)* e *f)* referidas na LOE: a reflexión lingüística permite dominar as nosas linguas vernáculas, entender e comprender mellor outras estranxeiras e ter máis fluidez e corrección de expresión.

c) Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen. Así cúmprese cos obxectivos *d)*, *i)* e *l)* da LOE, ao axudar a afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal, ao dominio dos coñecementos e habilidades propias da modalidade escollida e ao desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento cultural.

d) Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación. Este obxectivo acada os *e)* e *f)* da LOE, ao axudar a dominar a expresión lingüística e a expresarse con fluidez e corrección.

e) Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia. Este obxectivo acada os *a)*, *b)*, *c)*, *h)*, *j)* da LOE, xa que se fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta, o desenvolvemento do espírito crítico, a busca da igualdade real de todos, a participación solidaria na mellora do ámbito social e a comprensión dos elementos fundamentais da investigación do método científico.

1. Ao nos decatarmos de que *nihil noui sub sole*, aprendemos *non scholae sed vitae*, tamén no nivel afectivo da personalidade, xa que ademais dos seus produtos coñecemos o funcionamento elemental do espírito humano, que é sinónimo de coñecemento de si mesmo.

f) Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura. Con isto fanse realidade os obxectivos *a), b), h), l)* da LOE: adquirese unha conciencia cívica e responsable, consolídase a madurez persoal, social e moral, que permite actuar de xeito responsable e autónomo, ao coñecer as claves de interpretación do medio social, permítese a activa participación solidaria no seu desenvolvemento e mellora e, co aprecio da lingua latina, desenvólvese a sensibilidade artística, literaria e estética, fontes de formación e enriquecemento cultural.

g) Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo. Con este obxectivo acadamos os *a), c), h), j), k), l), m)* da LOE: exercer unha cidadanía democrática, fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades, mellorar en solidariedade o medio social, afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente, desenvolver o espírito emprendedor e a sensibilidade artística, literaria e estética e utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

4. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

Para establecer a secuencia dos contidos partimos da concepción dos dous cursos nos que se imparte a disciplina de Latín como un contínuum; isto permítenos facer unha distribución en estrutura de círculos concéntricos, de xeito que a adquisición dos contidos será de progresiva complexidade e cada aprendizaxe consolidará á anterior respecto do mesmo contido. Respóndese así á organización lóxica da propia materia -trátase dunha lingua- e á teoría da aprendizaxe significativa, que propón que cada novo contido teña un carácter globalizador.

A progresiva complexidade dase sobre todo nos contidos referentes aos bloques lingüístico e textual -os máis buscados polo bacharelato-, pois supóñense coñecidos os contidos de vocabulario e do legado romano coa Cultura Clásica. En 1º BAC partiremos, alomenos no que a lingua se refire, desde o principio; o avance será máis ou menos rápido, dependendo de se os discentes cursaron ou no Latín en 4º ESO. Os temas de cultura irán acordes cos intereses dos propios rapaces, salvando algúns temas claves que non teñan xa estudiados no Latín de 4º ESO.

5. TEMPORALIZACIÓN

O cómputo de horas lectivas de cada curso ven sendo dunhas cincuenta horas por trimestre, o que permite facer unha distribución bastante equilibrada da programación.

O primeiro curso de Latín preséntase dividido en cinco unidades didácticas e o segundo en dúas. O promedio que lle corresponde a cada unidade é dunhas 30 horas en primeiro, namentres que en segundo o tempo que se lle asignará á primeira unidade é bastante máis amplo, xa que a literatura latina é ben extensa, acadar as técnicas de tradución é máis lento a principio de curso e parte dos contidos da segunda unidade tócanse inevitablemente no comentario dos textos.

A práctica do ensino amosa que, polo xeral, as primeiras unidades do curso seguen un ritmo máis lento, sobre todo cando é o primeiro ano que se cursa unha materia. Cada grupo de alumnos ,

e mesmo cada discente, require unha especificación da programación e polo tanto unha constante revisión da temporalización. Por outra banda, como as explicacións, sobre todo gramaticais e léxicas, mais tamén, en certa medida, do legado latino, veñen en parte esixidas polos textos que se traducen, será bastante frecuente que algúns contidos de unidades didácticas posteriores teñan que ser explicados antes, polo que non me parece adecuado dar unha temporalización exacta de cada unidade didáctica, xa que restrinxiría a adaptación ás necesidades e ao ritmo de cada grupo concreto.

Como a aprendizaxe nesta disciplina é progresiva e circular, os obxectivos e contidos dunha unidade supóñense parte da seguinte. E no ano próximo integranse os do anterior.

6. CONTIDOS MÍNIMOS

6.1. Primeiro curso

6.1.1. A lingua latina

- Orixe do latín: xeiras na historia da lingua latina.
- Ler en latín. O abecedario.
- Categorías gramaticais; concepto e valores dos casos; características dos verbos.
- Morfosintaxe do sustantivo: as declinacións.
- Morfosintaxe do adxectivo: tipos e graos.
- Morfosintaxe pronominal: características da flexión pronominal. Persoais e posesivos. Demonstrativos. Relativo. Interrogativo e indefinidos.
- Flexión verbal dos verbos regulares e de *sum*.
- Palabras invariables: morfosintaxe das preposicións; formación de adverbios de modo a partir dos adxectivos.
- Cláusulas simples e compostas.

6.1.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- Observación e avaliación, en textos latinos breves e sinxelos, dos elementos da morfosintaxe.
- Tradución de textos latinos sinxelos ao galego e ao castelán.
- Comparación da estrutura morfosintáctica latina coa da lingua na que se traduce.
- Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural. Lectura dun libro ao mes sobre algún aspecto da literatura ou da cultura latina en xeral.

6.1.3. O léxico latino e a súa evolución

- Evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras latinas no paso ás linguas romances.
- Formación de palabras en latín: composición e derivación.
- Latinismos de uso máis frecuente.

6.1.4. Roma e o seu legado

- A organización política europea.
- Os sistemas políticos e a organización socio-política romana.
- Mitoloxía: sistema de deuses e heroes. Funcións a través do tempo. Función e interpretación de mitos e personaxes míticos.
- Relixión: *religio versus superstitio*. Os cultos romanos e os cultos estranxeiros. Cristianización do pagano.
- ¿Como vivían os romanos? A vida cotiá (aspectos non tocados en Cultura Clásica ou Latín).
- A romanización de Hispania e Gallaecia.

6.2. Segundo curso²

6.2.1. A lingua latina

- Repaso da morfoloxía explicada no curso anterior.
- Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Cláusulas simples, complexas e compostas. Oracións.

6.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos, achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico. Os autores obxecto de tradución serán Eutropio e Fedro (según acordo do grupo de traballo das P.A.U.S).
- Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais.

6.2.3. O léxico latino e a súa evolución

2. Estes contidos fluctuarán segundo as normas dos Grupos de Traballo das P.A.U.S.

- Formación de palabras en latín: composición e derivación. Significado exacto das palabras en base ao valor dos seus elementos e establecemento de oposicións entre vocábulos da mesma familia.
- Evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras latinas nas linguas vulgares. Utilización das regras de derivación e composición para a formación de palabras en galego e castelán e para un uso máis preciso dos vocábulos nestas linguas.
- Vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudian no bacharelato.
- Topónimos (setenta e cinco, marcados polo grupo de traballo das P.A.U.S.).
- Novos latinismos (cento cincuenta, especificados polos grupos de traballo das P.A.U.S.).
- Uso correcto do dicionario.

6.2.4. Roma e o seu legado

- A transmisión da literatura clásica.
- A tradición literaria: características e influencia dos xéneros literarios latinos na historia da literatura ata os nosos días, en especial na hispánica e na galega.
- Lectura de libros: *Fabulae Aesopiae*, de Fedro; *Metamorfoses*, de Ovidio (fábulas seleccionadas); *Catulo* (poemas relacionados con Lesbia); *Ab Urbe condita*, de Tito Livio (I,56,4-60); *Agrícola*, de Tácito (29-38); unha comedia de Plauto.

7. SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

7.1. Programación do primeiro curso

7.1.1. Unidade didáctica I: "As orixes"

7.1.1.1. Obxectivos didácticos

- Coñecer o marco lingüístico no que comezou o latín.
- Ler en latín.
- Analizar en textos latinos sinxelos as consecuencias do mecanismo da flexión.
- Recoñecer o parentesco entre o latín e as linguas románicas coñecidas.
- Reflexionar sobre os medios empregados polas distintas linguas para transmitir os mesmos contidos e respectar as diferencias lingüísticas como sinal de identidade dos pobos.

7.1.1.2. Contidos

7.1.1.2.1. A lingua latina

- Orixe da lingua latina. Pervivencia do latín.
- O alfabeto latino. Comparación co galego e co castelán. A pronuncia do latín. Cantidade e acento. Os números romanos.
- Categorías gramaticais: o nome. O latín, lingua flexiva. Restos de declinación en romance. Concepto e valores fundamentais dos casos. Tema e enunciado das cinco declinacións.
- Categorías gramaticais: o verbo. Temas verbais. Tema e enunciado das catro conxugacións regulares e do verbo *sum*.
- Reflexión sobre as linguas vernáculas do discente ao comparar as súas estruturas coas do latín.

7.1.1.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- A interpretación dos textos latinos. Inicio nas técnicas de tradución. A orde das palabras en latín. A concordancia.
- Tradución ao galego e ao castelán de textos moi breves (cláusulas simples), con palabras transparentes e de dificultade acorde coa evolución da explicación conceptual.

7.1.1.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Léxico. Nocións básicas. Concepto de latinismo, cultismo, semicultismo e palabra patrimonial.
- Interpretación dun 20% dos latinismos do curso.
- Identificación de palabras latinas con outras en romance empregadas polo alumno.

7.1.1.2.4. Roma e o seu legado

- A organización política europea.
- As orixes mitolóxicas de Roma.

7.1.1.3. Actividades

- Dado un texto sinxelo, con palabras transparentes, analizar razoadamente a cantidade das penúltimas sílabas e logo lelo.
- Clasificar as palabras dunha lista dada en sustantivos e verbos; decir a declinación de aqueles e a conxugación e temas destes.
- Construír cláusulas en lingua vernácula variando as funcións dun sustantivo dado, e logo, coa axuda da profesora, expresar esas funcións en latín.
- Analizar os elementos de cláusulas breves latinas cun vocabulario transparente e traducilas ao galego ou castelán.

-Nunha lista de palabras, emparellar a latina coas derivadas en vernácula e clasificalas como cultismos, semicultismos ou palabras patrimoniais.

7.1.1.4. Recursos

-O material de exercicios buscarémolo nos libros de gramática e de exercicios ou ben nos libros de texto.

-Para a organización política europea precisamos do mapa.

7.1.2. Unidade didáctica II: "A organización político-social de Roma. Os sistemas políticos"

7.1.2.1. Obxectivos didácticos

-Reflexionar sobre os elementos sustanciais que conforman as linguas, recoñecendo as relacións entre as estruturas latinas e as das linguas derivadas.

-Valorar a herdanza latina como riqueza lingüística e cultural no galego e no castelán.

-Identificar as características das institucións políticas romanas, recoñecéndolas nas nosas.

7.1.2.2. Contidos

7.1.2.2.1. A lingua latina

-Morfosintaxe nominal: primeira, segunda e terceira declinacións.

-Morfología verbal: o tema de *infertum* na voz activa dos verbos regulares e de *sum*.

-Palabras invariables: as preposicións. Circunstancias de lugar no espacio e no tempo. A expresión do instrumento.

-Estrutura da cláusula simple.

7.1.2.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

-Observación e avaliación, en textos moi breves e sinxelos, dos elementos da morfosintaxe.

-Comparación da estrutura morfosintáctica dos textos latinos coa das linguas nai do alumno.

-Tradución.

7.1.2.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Concepto de evolución fonética, morfolóxica e semántica.
- Nocións básicas de evolución do latín ó galego e ó castelán: as vogais.
- Recoñecemento da etimoloxía das palabras de orixe latina nas linguas coñecidas polo alumno, en especial nas vulgares, a partir da lectura de textos latinos.
- Interpretación dun 20% de latinismos.

7.1.2.2.4. Roma e o seu legado

- Organización social e institucións políticas romanas (repasso e continuación).

7.1.2.3. Actividades

- Analizar textos latinos moi sinxelos que conteñan a estrutura elemental da cláusula simple, tradúcilos e analizar sintacticamente a tradución.
- Presentar unha lista de vocábulos latinos transparentes e deducir os derivados cultos e patrimoniais no galego e no castelán.
- Busca por parte dos mozos -individualmente ou en grupo- de topónimos do seu contorno xeográfico nos que se dea a evolución das vogais latinas.

7.1.2.4. Recursos

- Como bibliografía auxiliar para a historia de Roma pódese sugerir a consulta dalgún manual -v.g., Kovaliov- ou dicionarios de institucións -v.g., *Diccionario de la civilización romana*, de J. CL. Fredouille (Barcelona, Larousse-Planeta 1996) ou *Guía romana antigua*, de G. Hacquard & al. (Madrid, Palas Atenea 1993)-. Para o que teña un interese especial no tema dos sistemas políticos, pódese indicar a lectura de *Los Idus de marzo*, de Thornton Wolder (Madrid, Alianza 1991) ou a visión das películas "Xulio César" ou "O asasinato de Xulio César", que tratan, desde cadanseu punto de vista, a conversión da república no imperio; a película "A caída do Imperio Romano" e os opúsculos *Los romanos y su imperio*, de T.Cairns (Madrid, Akal Cambridge 1990), *En la Roma de Augusto*, de F. McDonald y M. Bergin (Madrid, Anaya 1990), sobre o imperio. Igualmente, pódese recomendar a busca de información filtrada en internet.
- Para a toponimia pódese acudir á *Toponimia de Marín*, de E. Rivas (U. S. C. 1982), á *Toponimia gallega y leonesa*, de A. Moralejo (Santiago de Compostela, Pico Sacro 1978), ao *Diccionario de topónimos españoles y sus gentilicios*, de P. Celdrán (Madrid, Espasa Calpe 2003) ou á *Toponimia de Galicia* de F. Cabeza Quiles (Vigo, Galaxia 2008), en galego.

7.1.3. Unidade didáctica III: "Iniciación na mitoloxía e relixión romanas"

7.1.3.1. Obxectivos didácticos

- Analizar diversos textos, traducidos e orixinais, distinguindo as súas características.
- Ordenar os conceptos lingüísticos propios, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.
- Inferir que moitos feitos da vernácula só se explican a partir da lingua nai.
- Identificar e recoñecer o valor da mitoloxía no mundo antigo e a súa influencia ata os nosos días como elemento integrador de actitudes diferentes.

7.1.3.2. Contidos

7.1.3.2.1. A lingua latina

- Morfosintaxe do sustantivo: cuarta e quinta declinacións.
- Morfosintaxe do adxectivo: tipos e graos. A construción comparativa.
- Morfoloxía verbal: o tema de *perfectum* na voz activa dos verbos regulares e de *sum*.

7.1.3.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- Contexto histórico, social e cultural dos textos que se traducen.

7.1.3.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Evolución das consoantes iniciais e en sílaba interior.
- Interpretación dun 20% de latinismos.

7.1.3.2.4. Roma e o seu legado

- Mitoloxía: sistema de deuses e heroes. Funcións a través do tempo. Función e interpretación de mitos e personaxes míticos.
- Relixión: *religio versus superstitio*. Os cultos romanos e os cultos estranxeiros. O culto ao emperador. Cristianización do pagano.
- Distinción entre os feitos relixiosos e os supersticiosos.
- Reflexión sobre os costumes galegos relacionados coa relixión e a súa orixe latina.

7.1.3.3. Actividades

- Descompoñer os nomes e verbos nos seus elementos morfolóxicos constitutivos.

- Analizar textos latinos moi sinxelos que conteñan a morfosintaxe explicada nesta unidade, traducilos e comparar a estrutura sintáctica da tradución coa latina.
- Inventar contextos onde se usen os novos latinismos aprendidos.
- Identificación dos atributos e funcións dos deuses do panteón clásico.
- Participación nalgunha representación relacionada coa mitoloxía.
- Elaboración, por parte dos discentes, dunha lista con feitos e actitudes relixiosas e contrapoiñela a outra con feitos e actitudes supersticiosas, sacadas da vida cotiá do seu contorno.
- Ídem coa pervivencia dos signos latinos na liturxia.

7.1.3.4. Recursos

- Para o contido mitolóxico, a parte dos dicionarios clásicos imprescindibles, como o Grimal ou Ruiz de Elvira, poderáselles mandar a lectura de libros axeitados á súa idade: v.g., *Mitos clásicos*³, *La mirada de los dioses*, de J. Martínez Isla (Alicante, Dísgrafos 1990); agradable, mais un tanto *ad libitum* do seu autor, *Los mitos de los dioses*, de L. de Crescenzo (Barcelona, Seix Barral 1994); unha mitoloxía amena e en clave de humor, *Los dioses no eran tan divinos*, de J. Gómez Molero (Lucena, Merial 2000) e moitos outros que sería longo enumerar. Para o estudio dos heroes, os de J. Martínez Isla e de Crescenzo -continuación dos referidos aos deuses-, ou *Emperadores, deuses e heroes da mitoloxía romana*, de K.Usher (Vigo, Xerais 1988), que pode completarse co de mitoloxía grega da mesma editorial. Para unha comprensión globalizadora da mitoloxía, o bloque de dous vídeos editados pola U.N.E.D. e outros do mesmo tema. Para calquera tema da mitología en xeral hai moita información en internet, non sempre científica, que han aprender a discriminar, comparando entre a que obteñen uns e outros. Igualmente poden gozar xogando co material que se nos presenta *ad hoc*, sobre todo nas páxinas específicas de cultura clásica.
- Pódese acudir á colección de postais ou diapositivas dalgunha pinacoteca ou que se conqueriran nalgunha viaxe. Así mesmo, a rede é un bo recurso para obter fotografías.
- Para a relixión romana: *Diccionario de las religiones* (Madrid, Espasa Calpe 1998), *El mundo de las religiones* (Estella, Verbo Divino-Paulinas 1985), *Historia de las religiones* (Madrid, Siglo XXI 1981, v. II); *Diosas y adivinas. Mujer y adivinación en la Roma antigua*, de S. Montero Herrero (Madrid, Trotta 1994).
- Sobre os costumes relixiosos e supersticiosos e sobre as festas galegas: *Galicia mágica*, de S. Lorenzo Sacco (Barcelona, Martínez Roca 1991); *Creencias del costumbrismo religioso en Galicia*, de H. de Sá (Excma. Diputación provincial de Pontevedra 1991); *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, de A. Fraguas (A Coruña, Ed. do Castro 1990); *Romeiros do alén*, de M. Gondar, (Vigo, Xerais 1989); *Mitos, ritos y leyendas de Galicia*, de P. Bouzas e X. A. Domelo (Madrid, Martínez Roca 2005); sobre os costumes galego-romanos, *De correptione rusticorum*, de S. Martiño Dumiense. O texto base para a comparación cos ritos e cultos romanos é o ovidiense *Fasti*. De utilidade é o *Diccionario dos nomes galegos*, de Ferro Ruibal. Outros textos que se poden poñer en paralelo coas festas e ritos hainos espallados por toda a literatura latina.

3. Con este título hai cando menos dous asequibles aos discentes: de J.V. Rodríguez Adrados (Estella, Salvat 1992), e de R. Higuera (Zaragoza, Edelvives 1994).

7.1.4. Unidade didáctica IV: "A vida cotiá"

7.1.4.1. Obxectivos didácticos

- Establecer relacións entre as estruturas sintácticas do latín e as das linguas derivadas.
- Valorar o modo de vida romano como indicador da psicoloxía e da cultura latinas.
- Recoñecer a raíz romana de moitos feitos e costumes da nosa propia vida cotiá.

7.1.4.2. Contidos

7.1.4.2.1. A lingua latina

- Morfosintaxe pronominal: características da flexión pronominal. Persoais e posesivos. Demonstrativos. Relativo. A cláusula de relativo. O sistema dos indefinidos.

7.1.4.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- O texto como fonte de datos non literarios.
- Avaliación, en textos latinos breves, dos novos elementos morfosintácticos. Tradución ao romance.

7.1.4.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Evolución das consoantes en sílaba final e grupos consoánticos.
- Formación de palabras en latín: a prefixación.
- Interpretación doutro 20% de latinismos novos.

7.1.4.2.4. Roma e o seu legado

- A vida cotiá: a infancia, o matrimonio, o nome, o calendario, o sistema educativo...
- Avaliación da forma de ser romana a partir da observación de datos sobre a vida cotiá.
- Identificación da permanencia de costumes romanos no noso propio sistema de vida.

7.1.4.3. Actividades

- Facer exercicios de permutación de estruturas con adxacentes directos (adxectivos en función atributiva e predicativa) por outras que conteñan cláusulas de relativo, coa fin de que se decaten da equivalencia. Comparar as estruturas analizadas coas das linguas vernáculos do discente.
- Elaborar unha lista de palabras que sufriron a evolución das consoantes finais e dos grupos consoánticos.
- Dar unha lista de prefixos latinos e os seus valores correspondentes e outra con vocábulos prefixados -a ser posible, de raíces transparentes ou coñecidas polos alumnos-, precisar o significado desas palabras e os valores que aportan os prefixos ao vocábulo simple.
- Facer un traballo de investigación da etimoloxía e significado dos nomes do alumno e dos seus familiares e amigos.
- Pedirlle a cada discente que convirta o seu nome ao latín, segundo a estrutura que tiña nesa lingua.
- Designar un orde para que cada día un rapaz distinto se encargue de ter posta nun recuncho do encerado a data en latín.
- Lectura dalgún libro sobre a vida cotiá dos romanos.
- Visión dalgún vídeo sobre o tema da unidade.

7.1.4.4. Recursos

- Para a onomástica é un bo auxiliar o *Diccionario dos nomes galegos*, de X. Ferro Ruibal & alii (Vigo, Ir Indo 1992). Hai outros manuais nas librerías e biblioteca do centro, que se comparten con outras materias, como as de Lingua Castelá e Lingua Galega. Así mesmo, pódese atopar información en internet, que ha de ser seleccionada e contrastada, pois non sempre é exacta.
- No resto dos aspectos culturais pódese usar calquera libro sobre a vida cotiá, v.g., o de Guillén, *Urbs Roma* (Salamanca, Sígueme 1981), Carcopino, J., *La vida cotidiana en Roma en el apogeo del imperio* (Madrid, Temas de hoy 1994), Grimal, P., *La civilización romana* (Barcelona, Juventud 1965) ou os dicionarios de institucións *supra dictos*; para a educación, Marrou, H. I., *Historia de la educación en la antigüedad* (BB.AA., Eudeba 1976). Máis axeitados ao nivel de desenvolvemento cognitivo dos rapaces, *Así vivían los romanos*, de varios autores (Madrid, Anaya 1990), *La vida diaria de los romanos*, de J. Carballude (Madrid, SM), *Griegos y romanos*, de varios autores (Madrid, Alhambra 1983) ou *Vida cotidiana en Roma* (*Cuadernos de Historia 16*, 2v.). De igual modo, pódense ilustrar os aspectos cotiáns coas películas "Os derradeiros días de Pompeia" e "Golfus de Roma".
- Hai moitos vídeos que tratan da vida cotiá dos romanos, editados por el National Geographic, por Planeta... Destacaremos aquí, entre os preparados pola U.N.E.D., "Aproximación a la Roma Clásica" (1988) e "Roma Clásica II" (1993).

7.1.5. Unidade didáctica V: "A romanización de Hispania e Gallaecia"

7.1.5.1. Obxectivos

- Utilización dos coñecementos gramaticais e léxicos para interpretar e traducir textos sinxelos.
- Enriquecer as linguas propias e outras que manexa o discente a partir do estudo da latina.
- Recoñecer o papel integrador do latín e do mundo romano ao longo da historia de Occidente nas distintas áreas da ciencia, do pensamento, da historia e das artes.
- Analizar a propia cultura a través da latina, identificando as distintas formas nas que o legado romano se deixa sentir no mundo de hoxe.
- Valorar o legado romano como elemento integrador de actitudes diferentes e produtor de feitos que ofrecen a clave para a integración da historia de Occidente.

7.1.5.2. Contidos

7.1.5.2.1. A lingua latina

- A voz pasiva. A cláusula pasiva. Observación das semellanzas e diferencias entre o latín e as linguas vernáculas do alumno. Transformación reversible de estruturas activas e pasivas.
- Compostos de *sum*. Irregulares. Depoñentes. Defectivos.
- Morfosintaxe e valor das formas nominais do verbo. Observación das semellanzas e diferencias entre o latín e as linguas vernáculas do discente.
- Cláusulas compostas.

7.1.5.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- Aplicación dos conceptos gramaticais e léxicos á análise morfosintáctica e á interpretación e tradución de textos latinos.

7.1.5.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Formación de palabras en latín: a sufixación. Uso das regras de sufixación para formar palabras en galego e castelán e para un emprego máis preciso dos vocábulos nestas linguas.
- Discriminación do último 20% de expresións latinas deste curso.

7.1.5.2.4. Roma e o seu legado

- ¿Por qué somos latinos? A conquista e romanización de Hispania e de Gallaecia .
- Avaliación das pegadas materiais da romanización na Península, sobre todo en Galicia.
- Observación dos sinais inmateriais da romanización na cultura hispánica, sobre todo na galega.

7.1.5.3. Actividades

- Facer exercicios de conmutación dos temas verbais nas cláusulas activas, pasalas a pasiva e realizar o mesmo proceso.
- Presentar en forma de xogo oposicións de distintas palabras da mesma etimoloxía e de orixe verbal e deducir as diferencias a partir dos valores dos vocábulos latinos dos que proceden.
- Dar unha lista de sufixos latinos e os seus valores correspondentes e outra con vocábulos sufixados -a ser posible, de raíces transparentes ou coñecidas polos alumnos-, precisar o significado desas palabras e os valores que aportan os sufixos ó vocábulo simple.
- Visitas á parte romana de museos (Pontevedra, Castrelos, Lugo, Ourense ou A Coruña).
- Excursións didácticas, nas que se lles dá un cuestionario que devolverán coas respostas e que, á vez, serviralles de guía para fixérense nos aspectos máis relevantes do que visiten. Suxírense:
 - Museo de Pontevedra - Castro de Sta. Trega - Museo de Castrelos.
 - Lugo (murallas-mosaico-museo) - Castro de Viladonga.
 - Ourense (Museo arqueolóxico, Burgas) - Ponte Bibei - Médulas de Carucedo.
- Lectura de obras literarias latinas.

7.1.5.4. Recursos

- É un bo momento para fomentar o contacto con outras institucións do pobo, como a biblioteca pública, na que poden consultar nalgunha enciclopedia o referente ó tema, e o museo. Igualmente, poden mergullar na rede para atopar información pertinente.

7. 2. Programación do segundo curso

7.2.1. Unidade didáctica I: "A literatura latina, a súa transmisión e influencia posterior"

7.2.1.1. Obxectivos didácticos

- Perfeccionar o coñecemento e uso da gramática e do léxico latinos acadados no curso anterior.
- Interpretar e traducir textos de complexidade crecente.
- Reflexionar sobre o mecanismo da prefixación como elemento fundamental para dar o

significado preciso dos termos.

- Profundizar no coñecemento da literatura latina, coa fin de comprender mellor os textos que traducen e a cultura nai da occidental.
- Identificar as manifestacións literarias actuais que teñen a súa orixe en Roma.

7.2.1.2. Contidos

7.2.1.2.1. A lingua latina

- Obsevación e análise en palabras e textos latinos sinxelos, pertencentes a distintos xéneros literarios, dos elementos da morfosintaxe coñecidos.
- Verbos irregulares e defectivos.
- Morfoloxía das formas nominais do verbo. Cláusulas completivas e subordinadas.
- Características gramaticais dos textos segundo o xénero literario ao que pertencen.

7.2.1.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- Tradución dos textos analizados.
- Lectura comprensiva dos textos traducidos mediante a avaliación do contexto no que se producen.
- Comentario literario dos textos traducidos.
- Características formais dos xéneros literarios latinos: teatro, épica, historiografía, lírica, fábula, oratoria, filosofía, didáctica⁴.

4. Aínda que o DCB só sinala cinco, tendo en conta que nos exames de selectividade pódese preguntar sobre calquera deles, ben porque se traducen autores dalgún deses xéneros, ben porque os autores que se estudian pertencen a varios, é preciso tocalos todos.

7.2.1.2.3. O léxico latino e a súa evolución

-Evolucións do significado das palabras no paso do latín ao galego e ao castelán.

-Distinción dunhas 75 expresións latinas relacionadas coa literatura.

7.2.1.2.4. Roma e o seu legado

-Transmisión da literatura clásica.

-A tradición literaria latina: influencia dos xéneros literarios na historia da literatura ata os nosos días, en especial da hispánica, sobre todo da galega.

-Correcto uso do dicionario.

7.2.1.3. Actividades

-Analizar palabras e textos latinos sinxelos, a ser posible dun tema interesante para o rapaz.

-Elaboración de contextos adecuados para o emprego das expresións latinas estudadas.

-Ler algún texto literario traducido e comparalo con outro da literatura galega ou castelá influído por el.

-Facer un traballo de recopilación dos elementos mitolóxicos presentes nas obras literarias coñecidas polas disciplinas de lingua e literatura e constatar que valor posúen no conxunto da obra.

-Lectura personal dos textos das *Metamorfoses* de Ovidio, dos discursos de Agrícola e Calgaco, no *Agrícola* de Tácito e dos poemas de Catulo marcados polo Grupo de Traballo das P.A.U.S.

-Lectura persoal das *Fábulas* de Fedro.

7.2.1.4. Recursos

-A partir deste intre farase imprescindible o dicionario para traducir os textos.

-Sería utilizable a biblioteca de aula, de existir. En todo caso aproveitaremos a do centro para nos fornecer das obras literarias latinas e modernas que elixamos.

-Como manuais, a parte das historias da literatura -Bayet, Bieler, Bickel, etc.-, para a proxección da latina nas europeas, a Curtius, E. R., *Literatura europea y edad media latina* (Madrid, F.C.E. 1981) ou a Highet, G., *La tradición clásica* (México, F.C.E.1978).

-Pódense ver algunhas películas baseadas en obras literarias latinas: "El arte de amar", a partir de Ovidio -para o meu gusto lenta de máis- ou "A lenda de Eneas".

-O CD pode servir para a audición de poemas e cantos latinos: *Catulli Carmina*, *Carmina Burana*, *Ludus Danielis*, himnos...

-Podemos acudir a mostras de teatro escolar para que os nosos alumnos accedan ao teatro latino.

- Para o comentario literario dos textos podemos usar os manuais de retórica literaria, como o de H. Lausberg (Madrid, Gredos 1980), que é a máxima autoridade; de J.A. Martínez Conesa, *Figuras literarias aplicadas al griego y al latín* (Valencia, Bello 1972); o *Diccionario de términos filológicos*, de Lázaro Carreter; para uso directo do docente o *Tractatus de figuris rethoricis*, de B. Arias Montano (edición de Gómez Canseco e Márquez, Sevilla, Ed. Clásicas 1995).
- Para a investigación literaria da mitoloxía é necesario acudir á biblioteca -do centro ou pública-, ou a internet.

7.2.2. Unidade didáctica II: "A romanización de Hispania e de Gallaecia"

7.2.2.1. Obxectivos didácticos

- Profundar no estudio da gramática e do léxico como medios para comprender mellor a lingua dos textos que se van ler e traducir.
- Afondar na comprensión das estruturas da lingua a partir da comparación co latín.
- Interpretar e traducir textos máis complexos, distinguindo as súas características.
- Reflexionar sobre o mecanismo da sufixación e a súa rendibilidade na formación de palabras.
- Recoñecer o papel integrador do latín e do mundo romano ao longo da historia de Occidente nas distintas áreas da ciencia, do pensamento, da historia e das artes.
- Buscar e indagar nas fontes de información, relacionando elementos dispersos e analizando criticamente as súas interpretacións.
- Analizar a propia cultura a través da latina, identificando as distintas formas nas que o legado romano se deixa sentir no mundo de hoxe.
- Valorar o legado romano como elemento integrador de actitudes diferentes e produtor de feitos que ofrecen a clave para a integración da historia de Occidente.

7.2.2.2. Contidos

7.2.2.2.1. A lingua latina

- Afondamento no estudio dos valores dos casos a partir dos textos.

7.2.2.2. Os textos latinos e a súa interpretación

- Tradución dos textos latinos manexados nesta unidade.
- Comentario dos textos traducidos, con especial atención aos recursos da *captatio benevolentiae*.
- O texto como fonte de datos non literarios: contexto histórico, social e cultural dos textos manexados.
- Resumo do contido dos textos traducidos e delimitación das súas partes.

7.2.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Formación de palabras no latín: a sufixación. Uso das regras de sufixación para formar palabras galegas e castelás e para un emprego máis preciso dos vocábulos nestas linguas.
- Evolución do significado: ampliacións e restricións semánticas.
- Evolución do significado: transferencias semánticas.
- Evolución do significado: evolucións semánticas cristiás.
- Vocabulario básico latino: grupos temáticos e familias de palabras.
- Coñecemento dunhas 75 novas expresións latinas.

5.2.2.2.4. Roma e o seu legado

- Avaliación das pegadas materiais da romanización na Península, sobre todo en Galicia.
- Observación dos sinais inmateriais da romanización na cultura europea xeral e na hispánica en particular, sobre todo na galega.

7.2.2.3. Actividades

- Analizar e traducir textos latinos de gran complexidade.
- Facer comentarios non exhaustivos dos textos traducidos.
- Entregar unha lista de sufixos latinos e os seus valores e outra con vocábulos galegos ou casteláns de raíz etimoloxicamente recoñecible. Facer que precisen o seu significado.
- Elaboración por parte dos discentes dun contexto adecuado a cada nova expresión latina.
- Visitas á parte romana de museos (Pontevedra, Castrelos, Lugo, Ourense ou A Coruña).
- Excursións didácticas, nas que se lles dá un cuestionario que devolverán coas respostas e que, á vez, serviralles de guía para fixérense nos aspectos máis relevantes do que visiten. Suxírense:
 - Museo de Pontevedra - Castro de Sta. Trega - Museo de Castrelos.
 - Lugo (murallas-mosaico-museo) - Castro de Viladonga.
 - Ourense (Museo arqueolóxico, Burgas) - Ponte Bibei - Médulas de Carucedo.

7.2.2.4. Recursos

- Para o estudio dos grupos de palabras pódese usar algún vocabulario, v.g., o de Echave-Sustaeta.
- Usaremos dalgún manual de civilización romana, da parte correspondente de *La civilización romana*, de C.E. Mera (Madrid, Cincel-Kapelus 1990) ou dalgún diccionario de institucións.
- É un bo momento para fomentar o contacto con outras institucións do pobo, como o museo ou a biblioteca pública, na que poden consultar nalgunha enciclopedia o referente ao tema, e así mesmo, para que accedan á rede.
- Para o comentario de *realia* utilizaremos un manual clásico de institucións, v.g., o de Guillén.

8. METODOLOXÍA

A elección dependerá dos contidos que se vaian ensinar e das características do grupo que reciba o ensino. A clase, formada por persoas, precisa de estratexias distintas, segundo as características psicolóxicas, o grao de coñecementos previos, os intereses e motivacións e o grao e forma de integración social entre os membros do grupo. Mais o docente non esgota con isto a experimentación metodolóxica: atento á marcha do curso, estará en constante tensión na busca dos métodos máis axeitados para os contidos que se queren ensinar e para o nivel de evolución cognitivo-afectiva que ao longo do ano van acadando os discentes, en orde a favorecer a capacidades de autoaprendizaxe, de traballo en equipo e de investigación.

Como métodos concretos a seguir na disciplina de Latín, destacaremos, en primeiro lugar, os exercicios prácticos sobre a materia que se explica, matizados tanto a nivel individual como colectivo, dentro ou fóra da aula, mais sempre correxidos publicamente entre todos. Aquí pódese seguir o método tradicional de sacar a un alumno concreto ao encerado, para que plasme por escrito diante de todos o seu traballo e sexa o resto do grupo o que o avalíe. Mais este método ten o inconveniente de que a meirande parte dos alumnos se poden sentir pouco ou nada implicados na tarefa de faceren de xuíces, o que ademais non lles gusta. Hai unha variante que logra manter bastante a atención, segundo a miña experiencia: o propio docente ou un alumno actúa como secretario no encerado e baixo a guía do profesor, en forma de preguntas, os alumnos van respostando e facendo o exercicio, correxíndose entre eles cando discrepan. Esta forma tómase como unha especie de xogo por parte dos alumnos; o docente participa como un membro máis en tanto que ten dereito a dicir que está ou non dacordo.

Outro método rendible -sobre todo cando o profesor esgota as posibilidades de sacar do bloqueo intelectual a un alumno- é pedirlle a un dos rapaces que explique ao seu compañeiro ou ao grupo enteiro o contido que se está tratando. Mesmo se a facilidade para se expresar non é perfecta, servirá para desbloquear aos seus compañeiros, que adoitan aceptar ben as explicacións dun igual. Esta estratexia, de tipo cooperativo, pódese ver favorecida pola disposición grupal dos pupitres.

A técnica dos debates na aula serve para que os discentes aprendan a expresarse e a escoitar aos demais, desenvolvendo un clima de respecto e tolerancia, por unha banda, e, por outra, unha apertura ideolóxica ao confrontaren puntos de vista diferentes. Pero esta estratexia, evidentemente, só se pode seguir no bloque referido á cultura.

Os traballos só serán recomendables para os contados alumnos cun meirande desenvolvemento das estruturas lóxicas, capaces de elaborar traballos organizados e utís. A aptitude para elaborar traballos suponse acadada nos discentes que chegan ao bacharelato; polo tanto, será este un método que se usará no 1º BAC, e servirá, así mesmo, para desenvolver a capacidade de expresión oral. En 2º BAC, pola premura de tempo en rematar un programa pechado, serán menos rendibles os traballos.

Débese potenciar a creatividade. Para iso é un método inmejorable a técnica de tradución e comentario de textos. Non se trata de traducir dun xeito automático, senón de atopar o "que" e o "como" da mensaxe e verquelo na lingua na que se traduce, e iso implica o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade.

Outro método será a busca, dirixida polo docente, de materiais na rede. Resulta ben rendible, xa que, ademais da enorme cantidade de información que se pode atopar e que teñen que aprender a filtrar, sírvelles para a práctica dos resumos e os esquemas e para desenvolver a capacidade de expresión crítica, oral e escrita; e se potencia igualmente a familiaridade coas TICs.

Para rematar, insistir en que a metodoloxía debe estar encamiñada a desenvolver a capacidade crítica do discente e a que non queden preguntas sen resposta.

9. MATERIAIS E RECURSOS

Tendo en conta as posibilidades do centro de ensino onde exerzo a miña docencia, farei mención dos materiais que poden usar na aula:

- encerado
- libros de texto: non hai libro de texto programado, xa que en 2º BAC seguiremos as directrices dos grupos de traballo da CIUG e como apoio gramatical usaremos os apuntes da profesora; en 1º BAC faremos uso de apuntes e fotocopias *ad hoc*, sen prexuício de que poida xurdir a necesidade de utilizar algún material axeitado ao longo do curso, que se negociaría cos discentes
- libros de consulta; dicionarios; textos orixinais, bilingües e traducións; revistas
- fotocopias e apuntes de clase
- vídeo e DVD
- ordenador con acceso a internet
- proxeccionador.

Por máis que cada unidade didáctica vai acompañada de recursos específicos que se poden utilizar, haberá a lectura obrigatoria de dous ou tres libros cada trimestre, que en 1º BAC se determinará de acordo cos intereses dos discentes, preferiblemente de tema cultural ou literario, nos que se inclúe a mitoloxía, e en 2º BAC virá marcado polas directrices do grupo de traballo da materia. Esta actividade, ademais de servir para completar o bloque "Roma e o seu legado", en 1º BAC, e "Os textos latinos e a súa interpretación", en 2º BAC, incitará ao desenvolvemento do

pracer pola lectura. Á vez, pódese aproveitar o lido para facer un traballo de comparación co tratamento do mesmo tema en medios audiovisuais ou nas variopintas informacións que aparecen en internet, co que se se favorecerá a familiaridade coas TICs.

Mandaráselles recurrir a internet para buscar informacións concretas de xeito crítico e realizar traballos que elaboren esa información. Así mesmo, terán que utilizar a informática para a presentación dos documentos. Igualmente, poderán participar nalgunha webquest de cultura clásica.

Débeselle incitar á participación na vida cultural do entorno exterior á escola: frecuentar as bibliotecas do seu pobo, asistir a conferencias axeitadas ó seu nivel, visitar librerías ou feiras do libro, o museo, asistir ao cine ou ao teatro...

Inculcaremos no alumno a importancia de preparar e conservar con coidado os seus materiais de traballo, que son medios para aprender e algunha vez obxecto de avaliación. Urxe que se responsabilicen dos bens comúns e se fagan solidarios.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS I EXTRAESCOLARES

Entre as actividades extraescolares posibles está a asistencia á representación dunha obra de teatro latina, probablemente no marco das sesións que organiza en Lugo a Sección Galega da SEEC para os alumnos que cursan as materias dos departamentos de Clásicas de Ensino Medio.

Para ilustrar o tema de *Romanización de Gallaecia* faremos unha visita á parte romana do Museo de Pontevedra.

Este apartado queda aberto a posibles conferencias, exposicións, excursións didácticas e outras actividades que xurdan ao longo do curso tanto no centro de ensino como fóra.

11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Enumerarei e comentarei os criterios de avaliación, sen perder de vista que a técnica fundamental de avaliación é, para esta lingua non instrumental, a realización de actividades e que, polo tanto, as propostas para a realización das unidades didácticas serven tamén como método de avaliación.

11.1. Primeiro curso

a. O discente deberá ser quen de comprender e traducir textos latinos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible.

Con este criterio preténdese comprobar a competencia lingüística en latín, a capacidade de recoñecer as diversas estruturas dunha lingua flexiva e o manexo do dicionario.

Este criterio contribúe a avaliación das competencias básicas *b)* e *c)*.

Avaliará o 20% da nota.

b. O discente deberá ser capaz de recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfosintaxe, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e o castelán.

Este criterio pretende comprobar se o alumno adquiriu as nocións de morfosintaxe que lle permitan recoñecer as características dunha lingua flexiva e identificar formas, funcións e elementos fundamentais, en orde a comprender e traducir o texto latino.

Avalíanse con este criterio as competencias básicas *b)* e *c)*.

Este criterio de avaliación contará un 30% da nota final.

c. O rapaz poderá ler e comentar textos traducidos de diversos xéneros ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles.

Preténdese determinar a capacidade de comprender o contido esencial dun texto, delimitar as súas partes e establecer a relación entre elas.

Avalíanse todas as competencias básicas.

Constituirá un 5% da avaliación final.

d. O rapaz poderá recoñecer a orixe latina e a evolución fonética, morfolóxica e semántica no léxico das linguas que fala e deducir regras básicas de derivación e composición.

Trátase de constatar se o alumnado ten conciencia de que as linguas faladas na Península Ibérica, agás o vasco, proceden do latín.

Con este criterio avalíanse as competencias *b)* i *e)*.

Este aspecto será criterio de avaliación dun 10% da puntuación final.

e. O individuo poderá identificar os aspectos fundamentais da historia de Roma e da presenza desta na Península Ibérica e constatar a súa pervivencia na civilización actual.

Preténdese comprobar o coñecemento do pasado romano e a súa pervivencia no mundo actual.

Con este criterio avalíanse todas as competencias básicas, especialmente as *d)*, *e)* e *f)*.

Aportará un 20% da puntuación.

f. O rapaz será quen de planificar e realizar, seguindo as pautas da profesora, traballos

de investigación sobre as pegadas da romanización a partir do manexo de fontes diversas e usando as TICs como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Preténdese verificar se o discente distingue no seu contorno os elementos do mundo clásico, recoñecéndoo como herdanza do noso propio pasado, e se os interpreta correctamente mediante o uso selectivo de fontes diversas; así mesmo, tenta de avaliar a capacidade de indagación do alumno nas fontes directas e do emprego das TICs como ferramentas fundamentais para ordear os datos obtidos e elaborar un traballo ben estruturado.

Avalía este criterio todas as competencias básicas.

Aportará un 10% da nota global.

g. O alumno será quen de comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano.

Este criterio pretende que os discentes acaden o hábito da lectura comprensiva e desenvolvan a visión crítica de películas documentais e de ficción relacionadas co mundo romano.

Con este criterio avalíanse todas as competencias básicas, en especial as *a)*, *b)* e *c)*.

Aportará un 5% da nota global.

11.2. Segundo curso

a. O alumno será quen de verquer de xeito coherente ao galego e ao castelán textos latinos pertencentes a distintos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución e a capacidade de lectura adquirida polo discente.

Avalíanse as competencias básicas *a)* e *c)*.

Este aspecto será criterio de avaliación do 60% da calificación final.

b. O discente deberá ser capaz de identificar e analizar nos textos latinos orixinais os elementos da morfosintaxe, en función da comprensión do texto latino, e de comparalos cos das linguas coñecidas, especialmente do castelán e o galego.

Trátase de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumno.

Avalíanse con este criterio as competencias básicas *b)* e *c)*.

Este criterio de avaliación contará un 10% da nota final.

c. O rapaz poderá comparar o léxico latino co das linguas que fala, identificando os seus

compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Téntase de avaliar o dominio por parte do alumno dos procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e a súa conciencia de que estes derivados pasaron como tales ás linguas que utiliza; así mesmo, tratase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

Con este criterio avalíanse as competencias *b) i e)*.

Este aspecto será criterio de avaliación dun 10% da puntuación final.

d. O discente será quen de realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

Preténdese comprobar a identificación por parte do alumno dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e o recoñecemento dos diversos xéneros literarios polos seus trazos diferenciadores.

Este criterio avalía as competencias básicas *a), b), c), e) e f)*.

Aportará un 10% da nota final.

e. O individuo poderá planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diverso tipo e utilizando as TICs como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Con este criterio trataremos de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recopilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión lingüística.

Este criterio avalía todas as competencias básicas.

Redondeará a nota global acadada na avaliación.

f. O discente lerá obras da literatura latina traducidas.

Este criterio pretende que o alumno capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero literario e o seu contexto histórico e que acade o hábito da lectura.

Este criterio avalía as competencias básicas *a), b), c), e) e f)*.

Aportarán un 10% da puntuación final da materia.

12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Primeiro curso

Procedementos	Instrumentos
Definición de conceptos fundamentais da cultura latina	Cuestións específicas das probas obxectivas Traballos de investigación
Lectura de textos axeitados ao nivel cognoscitivo	Cuestións sobre a lectura
Comentario de películas e documentais	Cuestións sobre o material visionado
Actividades relacionadas co léxico	Cuestións específicas das probas obxectivas
Invenção de contextos nos que usar con propiedade os latinismos estudados	Cuestións específicas das probas obxectivas Traballos de investigación de campo
Actividades gramaticais	Cuestións específicas das probas obxectivas
Actividades de tradución con axuda do dicionario	Cuestións específicas das probas obxectivas
Corrección na expresión oral e escrita	Traballos Exposicións orais Expresión correcta nas linguas vernáculas, tanto no referido á tradución como á expresión nas probas obxectivas
Utilizacións das TICs	Traballos

Segundo curso

Procedementos	Instrumentos
Definición de conceptos fundamentais da literatura latina e dos xéneros literarios estudados	Cuestións específicas das probas obxectivas
Lectura comprensiva de textos literarios	Cuestións sobre a lectura
Invenção de contextos nos que usar con propiedade os latinismos estudados	Cuestións específicas das probas obxectivas
Actividades relacionadas co léxico	Cuestións específicas das probas obxectivas
Actividades gramaticais e de tradución ⁵	Cuestións específicas das probas obxectivas
Corrección na expresión oral e escrita	Expresión correcta nas linguas vernáculas, tanto no referido á tradución como á expresión nas probas obxectivas
Utilizacións das TICs	Traballos

⁵ Desde o segundo trimestre acadiremos directamente á tradución, e, seguindo o esquema da proba de selectividade, só analizaremos algunha oración de cada pericopa.

13. PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECIMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS

- a. *Proba de avaliación inicial*: realizarase ao comezo do curso para ver o grao de coñecemento e recordo dos discentes sobre temas de lingua, interpretación de textos, léxico e cultura que poden ter vistos en materias de cursos anteriores, como as de Lingua Castelá ou Galega, Ciencias Sociais, Relixión, ou Latín, entre outras. Serviranos para saber en que aspectos deberemos incidir máis.
- b. *Probas de avaliación formativa*: A base estará nas probas obxectivas de avaliación, unha ou dúas por trimestre, que aportarán unha porcentaxe da nota segundo os criterios que tenten avaliar: unhas veces incluírán preguntas sobre os libros lidos e os traballos realizados e noutras ocasións estes aspectos serán avaliados en probas específicas ou oralmente.
- c. *Proba de avaliación sumativa*: comprensiva de toda a materia estudiada durante o curso. No seu momento decidírase a conveniencia ou non de volver a avaliar a lectura dos libros e a presentación dos traballos xa cualificados positivamente en trimestres anteriores.
- d. A cualificación final da proba obxectiva, tanto formativa coma sumativa, virá matizada pola actitude do discente diante da materia, valorada mediante a asistencia a clase, o traballo na aula e na casa e o comportamento.

14. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Primeiro curso

Constará dunha proba obxectiva avaliable e non calificada, que incluírá:

- a. Definición de conceptos da cultura latina a partir dos coñecementos que poidan ter visto en cursos anteriores en materias como Ciencias Sociais, Relixión ou Literaturas.
- b. Ítemes relacionados co léxico: cultismos, semicultismos, palabras patrimoniais, prefixos, sufixos e raíces...
- c. Invención de contextos nos que usar con propiedade os latinismos estudiados.
- d. Análise sintáctico ou morfosintáctico de palabras e cláusulas sinxelas nas linguas nais dos discentes.

Segundo curso

Constará dunha proba obxectiva avaliable e non calificada sobre:

- a. Análise morfolóxica de formas nominais e verbais.
- b. Cláusulas que inclúan morfosintaxe estudiada no curso anterior, que deberán analizar morfosintácticamente e traducir.

15. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Non haberá probas obxectivas de recuperación durante a avaliación formativa, xa que por ser o Latín unha materia de contidos de progresiva complexidade, os anteriores son obxectos de avaliación nas probas seguintes. Só haberá alomenos unha segunda proba de avaliación sumativa, para non deixar ao azar o resultado da materia: neste caso, contabilizarase para obter a cualificación final a nota máis alta das acadadas nas probas obxectivas de avaliación sumativa.

16. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES

A práctica da materia non recuperada, dado que se trata de contidos de progresiva complexidade, vaise realizando á vez que se fan os exercicios das novas explicacións. A aqueles alumnos que estean dispostos, daráselles exercicios para que poidan traballar máis polo miúdo os contidos que teñen menos craros e solucionen as súas dúbidas coa corrección personalizada por parte da profesora. Só cando a docente perciba que as dúbidas ou incomprensións son xeralizadas, volverá a repasar ese tema concreto con todo o grupo.

Á alumna co Latín I pendente daráselle, se o solicita, material para o traballo persoal, que terá que devolver á profesora para a súa corrección e explicación dos erros. Daráselle o seguinte material só despois de que entregue o anterior.

17. PROCEDIMIENTO PARA A CUALIFICACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A alumna que ten a materia de Latín I pendente terá dúas oportunidades para superala: unha en xaneiro ou febreiro e outra en maio. Ámbalas probas serán obxectivas e de carácter sumativo, de xeito que se se acada un 50% da cualificación na primeira proba non será preciso realizar a de maio. E como se trata dunha discente que cursa Latín II, no caso de aprobar este daráselle por superada a materia de primeiro.

18. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Na cualificación final, matizada pola actitude, o discente deberá acadar o 50% dos contidos mínimos, tanto en xuño coma en setembro.

En 2º BAC, se ao alumno lle queda pendente o Latín II como única materia para obter o título de bacharel, poderáselle, por excepción, aprobar a materia sempre que teña acadado o 30% dos contidos mínimos e tivese durante o curso unha actitude positiva.

19. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Dado que a avaliación é única en tres procesos -inicial, formativa e sumativa-, o plan de avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente vai incluído no proceso de seguimento do grao de consecución dos obxectivos, do que forman parte, así mesmo, as actividades de avaliación.

20. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En pro da individualización do ensino hanse programar medidas xerais de adaptación curricular: actividades que sirvan de reforzo na aprendizaxe ós máis lentos e outras que amplíen o coñecemento de quen sobrepase o grao de desenvolvemento cognitivo propio do grupo.

Fálase abondo da "adaptación curricular"; mais ¿que forma de adaptación curricular pode facerse cos alumnos que cursan o bacharelato unicamente porque os seus pais non lles dan outra opción? Porque, non nos enganemos, ese tipo de rapaces ímolo seguir tendo na aula.

Consciente de que o éxito non chegará a ser total xamais, as miñas propostas oriéntanse a tentar de alcanzar certas melloras no rendemento dos discentes.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua, pode darse o caso de que o discente non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas nais: nese caso haberá que proporcionarlle exercicios en galego ou castelán antes de chegar ao latín. Aos alumnos máis avantaxados pódeseles proporcionar exercicios de maior dificultade, reforzadores dos motivos de logro.

21. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Hai catro tipos de circunstancias nas que incorporar os temas transversais:

- facelos coincidir coas datas nas que a sociedade os conmemora -día dos dereitos humanos, da muller traballadora...- ;
- coas campañas de sensibilización -o racismo...-;
- optar por un tratamento interdisciplinar, de acordo coas áreas implicadas para tocar o tema todos á vez;
- aproveitar as situacións espontáneas para provocar a reflexión, mandándolles aos propios alumnos que requiran máis información, se cadra, doutros profesores. Moitas veces xurdirán os temas a partir dos textos e temas que se analizan; outras serán enunciados como manifestación das propias inquedanzas dos discentes.

Nas tres primeiras circunstancias apuntadas partirase de textos e material audiovisual buscados *ad hoc* polo docente. Así, *v.g.*, na educación para a saúde, usaremos os que teñan que ver co exercicio físico e os deportes, a alimentación, as comidas, o uso das drogas, etc. Na educación para o consumo, perícopas sobre as clases sociais, a vivenda, etc. Para a igualdade de sexos, autores que traten o tema do machismo, da familia ou da dignidade da persoa, ou mitos sobre a diferente forma de entender os roles masculino e feminino. Na educación para a paz, textos sobre guerras, a romanización, etc. Para a educación ambiental nada mellor que unha perícopa co tópico do *locus amoenus*, aínda que tamén utilizaremos *Bucólicas* e *Xeórxicas*, de Virxilio. Para o lecer, un texto sobre as termas, entre outros. Para a educación vial, textos sobre as calzadas e os miliarios, e topónimos que fagan referencia a eles.

Porque o motivo máis importante, quizais, da pertenza do Latín ó currículo do ESO e do Bacharelato de Humanidades é que cheguemos a coñecer mellor os nosos sinais de identidade persoal e cultural, nesta materia teñen cabida case que tódolos temas transversais do currículo, xa que *homo sum. Nil humani a me alienum puto*.

22. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

En 1º BAC tentaremos ler un libro cada mes.

Para o desenvolvemento da competencia lectora traballaremos con textos de distinto tipo: narracións novelísticas de tema romano, lendas mitolóxicas, textos informativos, cancións, poemas, imaxes de representacións artísticas en fotografía ou buscadas na rede, noticias xornalísticas...

Os libros de lectura fixa deste curso para 1º BAC serán:

1ª avaliación:

- Setembro-outubro: Sautereau, François, *Cuentos y leyendas del nacimiento de Roma*, Anaya.
- Outubro-novembro: Lively, Penélope, *En busca de una patria*, Vicens-Vives.
- Novembro-décembro: un libro ou un traballo sobre a vida e costumes dos romanos a partir de documentación buscada na rede.

2ª avaliación:

- Xaneiro-febreiro: Aguirre, Mercedes, *Cuentos de la mitología griega III e V*, Ediciones de la Torre.
- Febreiro-marzo: unha comedia de Plauto (Traballo sobre a comedia latina e a súa proxección na literatura posterior).

3ª avaliación:

- Abril-maio: Ovidio, *Metamorfosis* (adaptación de A. Sánchez Aguilar), Barcelona, Vicens-Vives 2012.
- Maio-xuño: Traballo a escoller sobre toponimia, onomástica, pervivencia actual de costumes ou supersticións romanas ou algún outro tema de interese para o discente.

Para outros textos, estaremos abertos á marcha do grupo, ás súas inquedanzas e ás circunstancias que poidan xurdir oportunamente. Buscarase como unha estratexia de comprensión

lectora que o texto, na medida do posible, conecte cos intereses dos discentes.

Para o desenvolvemento da competencia literaria utilizaremos no primeiro ano a lectura da *Eneida* en versión adaptada, pola dificultade que lles reporta o texto virxiliano. A oportunidade da lectura doutros autores literarios latinos irase vendo a medida que avance o curso.

Dado que se trata de alumnos de ensino postobligatorio, terán que facer a lectura individual, excepto no caso de textos puntuais que se lean na aula ou cando se trate de textos dramatizados, lecturas de poemas ou cancións que se entonen igualmente na clase. Estes textos serán obxecto de cuestións nas probas obxectivas ou por medio de traballos guiados por preguntas. Só cando a docente perciba unha certa dificultade de comprensión, traballarase en grupo na aula, ben mediante a aclaración de dúbidas, postas en común de ideas ou por medio de exercicios (v.g., textos con erros ou lagoas ou que deban ser completados).

En 2º BAC, dado o seu carácter de curso de acceso á Universidade, suponse adquirida a comprensión lectora. Para o desenvolvemento da competencia literaria hai uns textos marcados polos Grupos de Traballo das P.A.U.S., que inclúen diferentes xéneros literarios. Son de lectura obrigatoria para acadar os obxectivos do curso e serán obxecto de traballo individual, con cuestións nas probas obxectivas, agás no caso da comedia, que podera dramatizarse en grupo se é que este consta de suficientes alumnos, ou asistir á súa representación se se da esta posibilidade. A estas lecturas engadiranse coma obrigatorias as *Fábulas* de Fedro, se estas continúan a seren textos obxecto de tradución.

23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Traballarán exercicios de páxinas escollidas da rede ou elaborados pola docente mediante programas informáticos *ad hoc* (v.g., Ardora, Java Clic ou Plataforma Moodle) para resolver no ordenador.
- Empregarán as aplicacións informáticas para elaborar e presentar traballos de investigación.
- Buscarán información na rede e aprenderán a facer un uso crítico dos contidos que atopan.
- Aproveitarán algunhas lecturas para facer un traballo de comparación co tratamento do mesmo tema en medios audiovisuais ou nas variopintas informacións que aparecen en internet.

24. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

De acordo co Plan de Convivencia do Centro, este departamento considera a convivencia nel cunha visión construtiva e positiva, en tanto que considera que as actuacións han ir encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e á resolución dos conflitos, entendidos estes como manifestacións de que a interacción humana é complexa e cargada de valoracións.

A resolución dos conflitos levarannos a desenvolver as capacidades de resistencia á frustración; de escoita e valoración das persoas e os seus xeitos de ver o mundo, distintos do noso; de apertura perceptiva ás mesmas realidades desde outras perspectivas; de reflexión crítica sobre o universo, os demais e nós mesmos e da nosa forma de estarmos no mundo, dos nosos pensamentos, afectos e crencias.

As actuacións na aula diante dos conflitos levaranse a cabo no primeiro nivel, de busca da solución positiva, sen sancións: falarase co alumno ou alumnos directamente implicados, individual ou colectivamente -segundo o tipo de conflito-, e, de ser o caso, farase un proceso de mediación dentro da aula. Se non se atopa solución ou o conflito implica directamente á docente, recurrirase a un mediador do centro, externo ao grupo de clase. Se o conflito ou actitude negativa é reiterado, remitirase, para a súa corrección, ao titor ou xefe de estudos, e, de verse a conveniencia, chamarase aos pais ou tutores para reflexionar con eles a actuación conxunta máis adecuada.

De verse a necesidade, realizaranse dentro da aula xogos de habilidades sociais, para fomentar a empatía, o autoconcepto, a autoestima, o locus de control interno e a asertividade.

Potenciaranse:

- a actitude de respecto e bo trato entre a docente e os alumnos;
- a escoita activa;
- o valor de que cada un de nós contribúe á boa ou mala marcha do grupo como tal e de cadanseu dos seus membros;
- a concienciación de que todos temos capacidades que podemos pór ao servizo de todos;
- o traballo en equipo (aprendizaxe cooperativa).

**PROGRAMACIÓN DA DISCIPLINA DE LATÍN
DE 4º E.S.O.**

I.E.S. "XUNQUEIRA I"

Curso 2014-2015

Mª del Mar Martín (responsable do departamento)

ÍNDICE

1. OBSERVACIÓNS XERAIS	4
2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	4-5
3. OBXECTIVOS	5-6
4. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	6
5. TEMPORALIZACIÓN	7
6. CONTIDOS MÍNIMOS	7-8
7. SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	9-17
7.1. Unidade didáctica I: "Os fundamentos da nosa lingua e da nosa cultura".....	9-10
7.2. Unidade didáctica II: "Organización político-social de Roma. Os sistemas políticos"	11-12
7.3. Unidade didáctica III: "Iniciación na mitoloxía e relixión romanas".....	12-14
7.4. Unidade didáctica IV: "A vida cotiá".....	14-16
7.5. Unidade didáctica V: "A romanización de Hispania e de Gallaecia".....	16-17
8. METODOLOXÍA	17-18
9. MATERIAIS E RECURSOS	19
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS I EXTRAESCOLARES	19
11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	20-21

12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	22
13. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS.....	22
14. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	23
15. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.....	23
16. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES...23	
17. PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS PENDENTES.....	23
18. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA OS REPETIDORES...24	
19. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	24
20. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	24
21. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	24-25
22. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	25
23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	25-26
24. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TICs.....	26-27
25. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	27

1. OBSERVACIÓNS XERAIS

Esta programación corresponde a unha materia opcional do segundo ciclo do E.S.O. A pretensión fundamental é posibilitar aos discentes un achegamento específico a nosa herdanza clásica, fundamentalmente a partir de contidos lingüísticos, manifestación por excelencia da cultura da que procedemos, que han axudalos a comprender mellor o mundo no que viven e tamén a si mesmos. Desde esta perspectiva, é unha materia imprescindible para os discentes que van cursar a opción do bacharelato humanístico, xa que aporta os rudimentos duns coñecementos nos que afondarán; de igual modo, axudará aos que sigan outros vieiros a clarificar as raíces da súa propia identidade e a obter unha formación lingüística e cultural que lles facilite a mellora no coñecemento e uso das propias linguas como instrumentos primordiais de aprendizaxe e comunicación.

Por outra banda, a práctica da tradución ofrece unha experiencia de investigación que axuda a desenvolver as capacidades de razoamento lóxico e de memoria, co que se potencia a aprendizaxe significativa, así como os hábitos de disciplina no estudio –nada máis clásico que o horaciano *nulla dies sine linea*- e de constancia no traballo, na liña do *gutta cauat lapidem non ui, sed saepe cadendo*, tan necesario para a súa vida.

2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

a) *Competencia lingüística*: o Latín é o mellor instrumento para a adquisición de vocabulario, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación. A introdución no estudio das evolucións fonéticas, morfolóxicas e semánticas e o coñecemento da estrutura da lingua latina contribúen a unha percepción máis matizada do que é un sistema lingüístico e, sobre todo, das linguas que derivan do latín ou recibiron unha achega importante del. Os procedementos etimolóxicos e de formación de palabras potencian, á súa vez, o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación.

b) *Competencia na percepción do entorno físico*: o Latín posibilita unha mellor comprensión dos espazos xeográfico, social e político que conforman Europa, da cultura común e da influencia de outras que seguen estando presentes no mundo actual.

c) *Competencia na expresión cultural e artística*: esta materia aporta un sustento teórico

mínimo da literatura e das artes en xeral, que potencia que o alumno comece a apreciar e gozar coas manifestacións estéticas como produto da creación humana e como testemuña da historia; así mesmo, o discente poderá valorar criticamente as manifestacións literarias e artísticas posteriores inspiradas na cultura grecolatina. O coñecemento dos restos arqueolóxicos do entorno favorecerá a valoración da nosa herdanza e dos esforzos pola súa conservación.

d) Competencia social e cidadá: o coñecemento das institucións e do modo de vida dos romanos axuda a entender os valores políticos, sociais e espirituais dunha Europa diversa que afonda as súas raíces na cultura grecolatina. A comparación entre as formas de vida do mundo clásico e as actuais favorece unha actitude crítica para valorar o bo que debemos conservar e no que melloramos e debemos seguir avanzando, v.g., na participación cidadá ou na negociación e na aplicación dos dereitos humanos en condicións de igualdade para todos. De igual modo, foméntase o traballo cooperativo e o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

e) Competencia no tratamento da información e nos medios dixitais: mediante a busca de información na rede aprenden a facer un uso crítico dos contidos que atopan; empregando as aplicacións informáticas aprenden a elaborar traballos de investigación e como presentalos, familiarizándose así co uso das TICs.

f) Competencia na formación persoal: a aplicación de técnicas de recollida, selección e síntese da información que manexan, a identificación de palabras clave e a distinción das ideas principais favorecen o desenvolvemento cognitivo.

g) Competencia de aprender a aprender: o estudo dos elementos básicos do latín, na medida en que propicia a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión e proporciona un rigor lóxico no proceso formativo.

h) Competencia de autonomía persoal: a busca, a selección e a interpretación da información, por unha banda, e, por outra, o traballo cooperativo, a posta en común dos resultados, coa correspondente valoración das achegas dos compañeiros e a corrección dos propios erros, propician o afán de superación.

3. OBXECTIVOS

- a) *Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.* Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *e), h)* do E.S.O.
- b) *Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.* Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *f), h)* do E.S.O.
- c) *Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudio a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de*

textos latinos. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *b), e), g)* do E.S.O.

- d) *Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas*. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *g), h), i), m), n)* do E.S.O.
- e) *Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa*. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *a), g), i), j), m), n)* do E.S.O.
- f) *Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos*. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *f), h), i), m), n)* do E.S.O.
- g) *Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos*. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *f), h), m), n)* do E.S.O.
- h) *Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva*. Este obxectivo contribúe a desenvolver o obxectivo *f), g), h), i), j), m), n)* do E.S.O.
- i) *Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional*. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *a), c), d), g), j), k), l), m), n)* do E.S.O.
- j) *Coñecer os xéneros literarios grecolatinos máis importantes*. Este obxectivo contribúe a desenvolver os obxectivos *e), g), j), m)* do E.S.O.

4. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

A adquisición dos contidos será de progresiva complexidade e cada aprendizaxe consolidará á anterior respecto do mesmo contido, sobre todo nos referentes aos bloques lingüístico e textual. Respóndese así á organización lóxica da propia materia -trátase dunha lingua- e á teoría da aprendizaxe significativa, que propón que cada novo contido teña un carácter globalizador.

A distribución dos contidos en catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado dentro dun contexto xeral no que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente. O plantexamento sería diferente no caso de que todos os alumnos do grupo tivesen cursado –ou estivesen facéndoo- Cultura Clásica, mais neste ano académico non hai ningún alumno que a teña cursado; iso implica a necesidade de comezar desde abaixo e incidir por igual

nos catro bloques.

5. TEMPORALIZACIÓN

As horas lectivas son unhas vinte e catro por trimestre. A programación divídese en cinco unidades didácticas. O promedio de cada unha é de 20 horas. A práctica do ensino amosa que, polo xeral, as primeiras unidades do curso seguen un ritmo máis lento, sobre todo cando é o primeiro ano que se cursa unha materia. Cada grupo de alumnos -mesmo cada discente- require unha especificación da programación e polo tanto unha constante revisión da temporalización. Por outra banda, como as explicacións, sobre todo gramaticais e léxicas, mais tamén, en certa medida, do legado latino, veñen en parte esixidas polos textos que se traducen, será bastante frecuente que algúns contidos de unidades didácticas posteriores teñan que ser explicados antes, polo que non me parece adecuado dar unha temporalización exacta de cada unidade didáctica, xa que restrinxiría a adaptación ás necesidades e ao ritmo de cada grupo concreto.

Como a aprendizaxe nesta disciplina é progresiva e circular, os obxectivos e contidos dunha unidade supóñense parte da seguinte.

6. CONTIDOS MÍNIMOS

6.1. O sistema da lingua latina

- Ler en latín. O abecedario.
- Categorías gramaticais; concepto e valores dos casos; características dos verbos.
- Morfosintaxe do sustantivo: as tres primeiras declinacións.
- Morfosintaxe do adxectivo: tipos.
- Flexión verbal dos verbos regulares e de *sum* no *inflectum* da voz activa.
- Palabras invariables: morfosintaxe das preposicións; formación de adverbios de modo a partir dos adxectivos.
- Estruturas clausulares básicas.
- Tradución de textos latinos sinxelos ao galego e ao castelán.
- Comparación da estrutura morfosintáctica latina coa da lingua na que se traduce.
- Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilexiado para comprender o sistema das linguas romances.

6.2. A historia e evolución da lingua latina

- Orixe do latín: clasificación das linguas indoeuropeas. As linguas derivadas do latín.
- Xeiras na historia da lingua latina.
- Niveis de uso do latín. O latín, lingua de cultura.
- Pervivencia das linguas clásicas. Latinismo, cultismo, semicultismo e palabra patrimonial.
- A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

6.3. A formación das palabras

- Principais lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina nas linguas nais do discente.
- Definición etimolóxica das palabras. Precisión no uso dos termos. O vocabulario científico e técnico.
- Latinismos de uso máis frecuente.

6.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

- Roma antiga: as orixes mitolóxicas.
- Marco xeográfico e cronolóxico do mundo romano.
- Sistemas políticos en Roma.
- O urbanismo e as vías de comunicación en Hispania e Gallaecia.
- A vida familiar: a familia, a infancia, o matrimonio, o culto ós mortos, a educación, o vestido... Comparación entre a vida familiar romana e a actual.
- Romanización de Hispania e Gallaecia.
- Restos arqueolóxicos clásicos máis importantes do noso entorno.
- Mitoloxía: concepto. Panteón clásico. Estrutura piramidal da sociedade divina. Algúns mitos.
- A relixiosidade clásica: pervivencia actual dos ritos.
- A organización e o cómputo do tempo. Relación entre o calendario e a mitoloxía. Recoñecemento dos elementos do calendario que perviven entre nós. Identificación dos fenómenos astronómicos nos que se fundamenta o calendario.
- Lectura de textos adaptados da literatura latina e outros sobre os distintos aspectos non lingüísticos estudados.

7. SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

7.1. Unidade didáctica I: "Os fundamentos da nosa lingua e da nosa cultura"

7.1.1. Obxectivos didácticos

- Coñecer os antecedentes remotos do concepto "Europa" e o marco lingüístico no que comezou o latín.
- Coñecer o marco xeográfico e a circunstancia histórica na que comezou o mundo clásico.
- Recoñecer o parentesco entre o latín e as linguas románicas coñecidas.
- Reflexionar sobre os medios empregados polas distintas linguas para transmitir os mesmos contidos e respectar as diferencias lingüísticas como sinal de identidade dos pobos.
- Ler en latín.
- Analizar en textos latinos sinxelos as consecuencias do mecanismo da flexión.

7.1.2. Contidos

7.1.2.1. O sistema da lingua latina

- O alfabeto latino. Comparación co galego e o castelán. A pronuncia do latín. Cantidade e acento.
- Categorías gramaticais: o nome. O latín, lingua flexiva. Restos de declinación en romance. Concepto e valores fundamentais dos casos. Tema e enunciado das cinco declinacións.
- Categorías gramaticais: o verbo. Temas verbais. Tema e enunciado das catro conxugacións regulares.
- Reflexión sobre as linguas vernáculas do discente ao comparar as súas estruturas coas do latín.
- A interpretación dos textos latinos. Inicio nas técnicas de tradución. A orde das palabras en latín. A concordancia.
- Tradución ao galego e ao castelán de textos moi breves (cláusulas simples), con palabras transparentes e de dificultade acorde coa evolución da explicación conceptual.
- Valoración do latín, orixe das linguas nai do discente e doutras do seu contorno, e afán por coñecer como pervive.

7.1.2.2. A historia e evolución da lingua latina

- Orixe da lingua latina. Pervivencia do latín.

-Concepto de latinismo, cultismo, semicultismo e palabra patrimonial.

7.1.2.3. A formación das palabras

-Léxico. Nocións básicas.

-Interpretación dun 20% dos latinismos do curso.

-Identificación de palabras latinas con outras en romance empregadas polo alumno.

7.1.2.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

-Marco xeográfico e cronolóxico.

-As orixes mitolóxicas de Roma.

-A organización política europea.

7.1.3. Actividades

-Situación no mapa as diferentes linguas indoeuropeas.

-Dado un texto sinxelo, con palabras transparentes, analizar razoadamente a cantidade das penúltimas sílabas e logo lelo.

-Clasificar as palabras dunha lista dada en sustantivos e verbos; decir a declinación de aqueles e a conxugación e temas destes.

-Construír cláusulas en lingua vernácula variando as funcións dun sustantivo dado, e logo, coa axuda da profesora, expresar esas funcións en latín.

-Analizar os elementos de cláusulas breves latinas cun vocabulario transparente e traducilas ao galego ou castelán.

-Nunha lista de palabras, emparellar a latina coas derivadas en vernácula e clasificalas como cultismos, semicultismos ou palabras patrimoniais.

-Visión de películas sobre a orixe de Roma -v.g., "A lenda de Eneas" ou "Rómulo e Remo".

-Para o tema das orixes de Roma leremos *Rómulo y Remo*, de A. C. Vivet-Rémy (Madrid, Akal, Colección "Para descubrir a los clásicos" 2004).

7.1.4. Recursos

-O material de exercicios buscarémolo nos libros de gramática e de exercicios ou ben no libro de texto.

-Para a organización política europea precisamos do mapa.

7.2. Unidade didáctica II: "A organización político-social de Roma. Os sistemas políticos"

7.2.1. Obxectivos didácticos

- Reflexionar sobre os elementos sustanciais que conforman as linguas, recoñecendo as relacións entre as estruturas latinas e as das linguas derivadas.
- Valorar a herdanza latina como riqueza lingüística e cultural no galego e no castelán.
- Identificar as características das institucións políticas romanas, recoñecéndolas nas nosas.

7.2.2. Contidos

7.2.2.1. O sistema da lingua latina

- Morfosintaxe nominal: primeira declinación.
- Morfoloxía verbal: o presente de indicativo na voz activa dos verbos regulares e de *sum*.
- Palabras invariables: as preposicións. Circunstancias de lugar no espacio e no tempo. A expresión do instrumento.
- Estrutura da cláusula simple.
- Observación e avaliación, en textos moi breves e sinxelos, dos elementos da morfosintaxe.
- Comparación da estrutura morfosintáctica dos textos latinos coa das linguas nai do alumno. Tradución.

7.2.2.2. A historia e evolución da lingua latina

- Concepto de evolución fonética, morfolóxica e semántica.
- Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán: as vogais.

7.2.2.3. A formación das palabras

- Recoñecemento da etimoloxía das palabras de orixe latina nas linguas coñecidas polo alumno, en especial nas vulgares, a partir da lectura de textos latinos.
- Interpretación dun 20% de latinismos.

7.2.2.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

-Organización social e institucións políticas romanas (continuación).

7.2.3. Actividades

- Analizar textos latinos moi sinxelos que conteñan a estrutura elemental da cláusula simple, tradúcelos e analizar sintácticamente a tradución.
- Presentar unha lista de vocábulos latinos transparentes e deducir os derivados cultos e patrimoniais no galego e no castelán.
- Como lectura para traballo, *Guárdate de los Idus*, de Lola Gándara (Madrid, Gran Angular 2000).

7.2.4. Recursos

- Como bibliografía auxiliar para a historia de Roma pódese suxerir a consulta dalgún manual, como o de Kovaliov, ou dicionarios de institucións -v.g., *Diccionario de la civilización romana*, de J. CL. Fredouille (Barcelona, Larousse-Planeta 1996) ou *Guía romana antigua*, de G. Hacquard & al. (Madrid, Palas Atenea 1993)-. Para o que teña un interese especial no tema dos sistemas políticos, pódesele indicar a visión das películas "Xulio César" ou "O asasinato de Xulio César", que tratan, desde cadanseu punto de vista, a conversión da república no imperio; a película "A caída do Imperio Romano" e o opúsculo *En la Roma de Augusto*, de F. McDonald y M. Bergin (Madrid, Anaya 1990), sobre o imperio. Igualmente, pódeseles recomendar a busca de información filtrada en internet.

7.3. Unidade didáctica III: "Iniciación na mitoloxía e relixión romanas"

7.3.1. Obxectivos didácticos

- Analizar diversos textos, traducidos e orixinais, distinguindo as súas características.
- Ordenar os conceptos lingüísticos propios, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.
- Inferir que moitos feitos da vernácula só se explican a partir da lingua nai.
- Identificar e recoñecer o valor da mitoloxía no mundo antigo e a súa influencia ata os nosos días como elemento integrador de actitudes diferentes.

7.3.2. Contidos

7.3.2.1. O sistema da lingua latina

- Morfosintaxe do sustantivo: segunda e terceira declinacións.
- Morfosintaxe do adxectivo: tipos.
- Morfoloxía verbal: o tema de *inflectum* no indicativo da voz activa dos verbos regulares e de *sum*.
- Contexto histórico, social e cultural dos textos que se traducen.

7.3.2.2. A historia e evolución da lingua latina

- Evolución das consoantes iniciais i en sílaba interior.

7.3.2.3. A formación das palabras

- Interpretación dun 20% de latinismos.

7.3.2.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

- Mitoloxía: sistema de deuses e heroes. Funcións a través do tempo. Función e interpretación de mitos e personaxes míticos. Os deuses e os mitos clásicos nas artes.
- Relixión: *religio versus superstitio*. Os cultos romanos. Cristianización do pagano.
- Distinción entre os feitos relixiosos e os supersticiosos.
- Reflexión sobre os costumes galegos relacionados coa relixión e a súa orixe latina.

7.3.3. Actividades

- Descompoñer os nomes e verbos nos seus elementos morfolóxicos constitutivos.
- Analizar textos latinos moi sinxelos que conteñan a morfosintaxe explicada nesta unidade, traducilos e comparar a estrutura sintáctica da tradución coa latina.
- Inventar contextos onde se usen os novos latinismos aprendidos.
- Identificación dos atributos e funcións dos deuses do panteón clásico.
- Participación nalgunha representación relacionada coa mitoloxía.
- Elaboración, por parte dos discentes, dunha lista con feitos e actitudes relixiosas e contrapoñela a outra con feitos e actitudes supersticiosas, sacadas da vida cotiá do seu contorno.
- Como lecturas para traballo, *Cuentos de la mitología griega I-II*, de Mercedes Aguirre (Madrid, Ediciones de la Torre) e *Ana y la Sibila*, de Antonio Sánchez-Escalonilla (Barcelona, Bambú 2007) na metade do camiño entre o tema social e histórico e o relixioso, e de lectura agradable para os discentes.

7.3.4. Recursos

- Para o contido mitolóxico, a parte dos dicionarios clásicos imprescindibles, como o Grimal ou Ruiz de Elvira, poderáselles mandar a lectura de libros axeitados á súa idade: v.g., *Mitos clásicos*¹, *La mirada de los dioses*, de J. Martínez Isla (Alicante, Dísgrafos 1990); agradable, mais un tanto *ad libitum* do seu autor, *Los mitos de los dioses*, de L. de Crescenzo (Barcelona, Seix Barral 1994); unha mitoloxía amena e en clave de humor, *Los dioses no eran tan divinos*, de J. Gómez Molero (Lucena, Merial 2000) e moitos outros que sería longo enumerar. Para o estudio dos heroes, os de J. Martínez Isla e de Crescenzo -continuación dos referidos ós deuses- ou *Emperadores, deuses e heroes da mitoloxía romana*, de K.Usher (Vigo, Xerais 1988). Para calquera tema da mitoloxía en xeral hai moita información en internet, non sempre científica, que han aprender a discriminar, comparando entre a que obteñen uns e outros. Igualmente poden disfrutar xogando co material que se nos presenta *ad hoc*, sobre todo nas páxinas específicas de cultura clásica.
- Pódese acudir á colección de postais ou diapositivas dalgunha pinacoteca ou que se conquieran nalgunha viaxe. Así mesmo, a rede é un bo recurso para obter fotografías.
- Para a relixión romana: *Diccionario de las religiones* (Madrid, Espasa Calpe 1998), *El mundo de las religiones* (Estella, Verbo Divino-Paulinas 1985), *Historia de las religiones* (Madrid, Siglo XXI 1981, v. II); *Diosas y adivinas. Mujer y adivinación en la Roma antigua*, de S. Montero Herrero (Madrid, Trotta 1994).
- Sobre os costumes relixiosos e supersticiosos e sobre as festas galegas: *Galicia mágica*, de S. Lorenzo Sacco (Barcelona, Martínez Roca 1991); *Creencias del costumbrismo religioso en Galicia*, de H. de Sá (Excma. Diputación provincial de Pontevedra 1991); *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, de A. Fraguas (A Coruña, Ed. do Castro 1990); *Romeiros do alén*, de M. Gondar, (Vigo, Xerais 1989); sobre os costumes galego-romanos, *De correptione rusticorum*, de S. Martiño Dumiense. O texto base para a comparación cos ritos e cultos romanos é o ovidiense *Fasti*. De utilidade é o *Diccionario dos nomes galegos*, de Ferro Ruibal. Outros textos que se poden poñer en paralelo coas festas e ritos hainos espallados por toda a literatura latina.

7.4. Unidade didáctica IV: "A vida cotiá"

7.4.1. Obxectivos didácticos

- Establecer relacións entre as estruturas sintácticas do latín e as das linguas derivadas.
- Valorar o modo de vida romano como indicador da psicoloxía e da cultura latinas.
- Recoñecer a raíz romana de moitos feitos e costumes da nosa propia vida cotiá.

7.4.2. Contidos

7.4.2.1. O sistema da lingua latina

1. Con este título hai cando menos dous asequibles ós discentes: de J.V. Rodríguez Agradados (Estella, Salvat 1992), e de R. Higuera (Zaragoza, Edelvives 1994).

- Morfosintaxe do sustantivo: cuarta e quinta declinacións.
- Morfloxía verbal: o tema de *infertum* no subxuntivo da voz activa dos verbos regulares e de *sum*.
- Avaliación, en textos latinos breves, dos novos elementos morfosintácticos. Tradución ao romance.

7.4.2.2. A historia e evolución da lingua latina

- Evolución das consonantes en sílaba final e dos grupos consonánticos.

7.4.2.3. A formación das palabras

- Formación de palabras en latín: a prefixación.
- Interpretación doutro 20% de latinismos novos.

7.4.2.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

- A vida cotiá: a infancia, o matrimonio, o nome, o calendario...
- Avaliación da forma de ser romana a partir da observación de datos sobre a vida cotiá.
- Identificación da permanencia de costumes romanas no noso propio sistema de vida.

7.4.3. Actividades

- Elaborar unha lista de palabras que sufriron a evolución das consonantes finais e dos grupos consonánticos.
- Dar unha lista de prefixos latinos e os seus valores correspondentes e outra con vocábulos prefixados -a ser posible, de raíces transparentes ou coñecidas polos alumnos-, precisar o significado desas palabras e os valores que aportan os prefixos ao vocábulo simple.
- Facer un traballo de investigación da etimoloxía e significado dos nomes do alumno e dos seus familiares e amigos.
- Designar un orde para que cada día un rapaz distinto se encargue de ter posta nun recuncho do encerado a data latina.
- Lectura dalgún libro sobre a vida cotiá dos romanos.
- Visión dalgún vídeo sobre o tema da unidade.
- Como libros de lectura, *Así vivían los romanos*, de varios autores (Madrid, Anaya 1990), *Un salmantino en Roma*, de Fernando Lillo (Madrid, Estudios Clásicos) e *Tigre*, de L. Reid Banks (Madrid, Bambú 2010).

7.4.4. Recursos

- Para a onomástica é un bo auxiliar o *Dicionario dos nomes galegos*, de X. Ferro Ruibal & alii (Vigo, Ir Indo 1992). Hai outros manuais nas librerías e biblioteca do centro, que se comparten con outras materias, como as de Lingua Castelá e Lingua Galega. Así mesmo, pódese atopar información en internet, que ha ser seleccionada e contrastada, pois non sempre é exacta.
- No resto dos aspectos culturais pódese usar calquera libro sobre a vida cotiá, v.g., o de Guillén, *Urbs Roma* (Salamanca, Sígueme 1981), Carcopino, J., *La vida cotidiana en Roma en el apogeo del imperio* (Madrid, Temas de hoy 1994), Grimal, P., *La civilización romana* (Barcelona, Juventud 1965) ou os dicionarios de institucións *supra dictos*. Máis axeitados ao nivel de desenvolvemento cognitivo dos rapaces, *Así vivían los romanos*, de varios autores (Madrid, Anaya 1990), *La vida diaria de los romanos*, de J. Carballude (Madrid, SM), *Griegos y romanos*, de varios autores, (Madrid, Alhambra 1983) ou *Vida cotidiana en Roma (Cuadernos de historia 16, 2v.)*. De igual modo, se poden ilustrar os aspectos cotiáns coas películas "Os derradeiros días de Pompeia" e "Golfus de Roma".

7.5. Unidade didáctica V: "A romanización de Hispania e de Gallaecia"

7.5.1. Obxectivos didácticos

- Utilización dos coñecementos gramaticais e léxicos para interpretar e traducir textos sinxelos.
- Enriquecer as linguas propias e outras que manexa o discente a partir do estudo da latina.
- Recoñecer o papel integrador do mundo greco-romano ao longo da historia de Occidente nas distintas áreas da ciencia, do pensamento, da historia e das artes.
- Buscar e indagar nas fontes de información, relacionando elementos dispersos e analizando criticamente as súas interpretacións.
- Coñecer os rudimentos da arte, a ciencia e o deporte en Roma.

7.5.2. Contidos

7.5.2.1. O sistema da lingua latina

- Aplicación dos conceptos gramaticais e léxicos á análise morfosintáctica e á interpretación e tradución de textos latinos.

7.5.2.2. A historia e evolución da lingua latina

- A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

7.5.2.3. O léxico latino e a súa evolución

- Formación de palabras en latín e grego: a prefixación e a sufixación.
- Estudio doutro 20% de latinismos novos.

7.5.2.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

- O urbanismo e as vías de comunicación.
- Introdución á arte e a ciencia en Roma.
- O ocio e o deporte en Roma.
- ¿Por qué somos latinos? A conquista e romanización de Hispania e de Gallaecia.
- Restos arqueolóxicos clásicos máis importantes do noso entorno.

7.5.3. Actividades

- Presentar en forma de xogo oposicións de distintas palabras da mesma etimoloxía e de orixe verbal e deducir as diferencias a partir dos valores dos vocábulos latinos dos que proceden.
- Dar unha lista de sufixos latinos e os seus valores correspondentes e outra con vocábulos sufixados -a ser posible, de raíces transparentes ou coñecidas polos alumnos-, precisar o significado desas palabras e os valores que aportan os sufixos ao vocábulo simple.
 - Visitas á parte romana de museos (Pontevedra, Castrelos, Lugo, Ourense ou A Coruña).
 - Excursións didácticas, nas que se lles dá un cuestionario que devolverán coas respostas e que, á vez, serviralles de guía para fixérense nos aspectos máis relevantes do que visiten. Suxírense:
 - -Museo de Pontevedra - Castro de Sta. Trega - Museo de Castrelos.
 - -Lugo (murallas-mosaico-museo) - Castro de Viladonga.
 - -Ourense (Museo arqueolóxico, Burgas) - Ponte Bibeí - Médulas de Carucedo.

7.5.4. Recursos

- É un bo momento para fomentar o contacto con outras institucións do pobo, como a biblioteca pública, na que poden consultar nalgunha enciclopedia o referente ao tema, ou o museo.
- Igualmente, pódense mergullar na rede para atopar información pertinente.

8. METODOLOXÍA

A elección dependerá dos contidos que se vaian ensinar e das características do grupo que reciba o ensino. A clase, formada por persoas, precisa de estratexias distintas, segundo as características psicolóxicas, o grao de coñecementos previos, os intereses e motivacións e o grao e forma de integración social entre os membros do grupo. Mais o docente non esgota con isto a experimentación metodolóxica: atento á marcha do curso, estará en constante tensión na busca dos métodos máis axeitados para os contidos que se han aprender e para o nivel de evolución cognitivo-afectiva que ao longo do ano van acadando os discentes, suxeitos, en razón da idade, a cambios variados e veloces.

Como métodos concretos a seguir na disciplina de Latín, destacaremos, en primeiro lugar, os exercicios prácticos sobre a materia que se explica, matizados tanto a nivel individual como colectivo, dentro ou fóra da aula, mais sempre correxidos publicamente entre todos. Aquí pódese seguir o método tradicional de sacar a un alumno concreto ao encerado, para que plasme por escrito diante de todos o seu traballo e sexa o resto do grupo o que o avalíe. Mais este método ten o inconveniente de que a meirande parte dos alumnos se poden sentir pouco ou nada implicados na tarefa de faceren de xuíces, o que ademais non lles gusta. Hai unha variante que logra manter abondo a atención, segundo a miña experiencia: o propio docente ou un alumno actúa como secretario no encerado, e baixo a guía do profesor, en forma de preguntas, os alumnos van respostando e facendo o exercicio, correxíndose entre eles cando discrepan. Esta forma tómase como unha especie de xogo por parte dos alumnos: o docente participa como un membro máis en tanto que ten dereito a dicir que está ou non de acordo.

Outro método rendible -sobre todo cando o profesor esgota as posibilidades de sacar do bloqueo intelectual a un alumno- é pedirlle a un dos rapaces que explique ao seu compañeiro ou ao grupo enteiro o contido que se está a tratar. Mesmo se a facilidade para se expresar non é perfecta, servirá para desbloquear aos seus compañeiros, que adoitan aceptar ben as explicacións dun igual. Esta estratexia, de tipo cooperativo, pódese ver favorecida pola disposición grupal dos pupitres.

Se o número de alumnos o permite, tentaremos de facer un ou dous grupos cooperativos, onde fomentar a autonomía e, asemade, a solidariedade na aprendizaxe.

A técnica dos traballos terá un bo desenvolvemento se funcionan os grupos cooperativos.

A técnica dos debates na aula serve para que os discentes aprendan a expresarse e a escoitar ós demais, desenvolvendo un clima de respecto e tolerancia, por unha banda, e, por outra, unha apertura ideolóxica ao confrontaren puntos de vista diferentes. Pero esta estratexia, evidentemente, só se pode seguir no bloque referido á cultura.

Débase potenciar a creatividade. Para iso é un método inmejorable a técnica de tradución e comentario de textos. Non se trata de traducir dun xeito automático, senón de atopar o "que" e o "como" da mensaxe e verquelo na lingua na que se traduce, e iso implica o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade.

Outro método será a busca, dirixida polo docente, de materiais na rede. Resulta ben rendible, xa que, ademais da enorme cantidade de información que se pode atopar e que teñen que aprender a filtrar, sívvelles para a práctica dos resumos e os esquemas e para desenvolver a capacidade de expresión crítica, oral e escrita; e se potencia igualmente a familiaridade coas TICs.

Para rematar, insistir en que a metodoloxía debe estar encamiñada a desenvolver a creatividade e

a capacidade crítica do discente e a que non queden preguntas sen resposta.

9. MATERIAIS E RECURSOS

Tendo en conta as posibilidades do centro de ensino, mencionamos os materiais que se poden usar na aula:

- encerado
- libro de texto: Durán, M., *Latín 4º ESO* (Barcelona, Casals 2012)
- libros de lectura con cuestións e xogos sobre os textos que se len
- libros de consulta; dicionarios; textos traducidos; revistas
- fotocopias e apuntes de clase
- vídeo e DVD
- ordenador con acceso a Internet
- proxeutor.

Por máis que cada unidade didáctica vai acompañada de recursos específicos que se poden utilizar, haberá a lectura obrigatoria dos libros propostos nas actividades de cada unidade didáctica. Esta actividade, ademais de servir para completar o bloque de “Roma e o seu legado”, incitará ao desenvolvemento do pracer pola lectura. Pódense aproveitar as lecturas para facer un traballo de comparación co tratamento do mesmo tema en medios audiovisuais ou nas variopintas informacións que aparecen en internet, co que se se favorecerá a familiaridade coas TICs.

Mandaráselles recurrir a internet para buscar informacións concretas de xeito crítico e realizar traballos que elaboren esa información. Así mesmo, terán que utilizar a informática para a presentación dos documentos. Igualmente, poderán participar nalgunha webquest de cultura clásica.

Deberase inculcar no alumno a importancia de preparar e conservar con coidado os seus materiais de traballo, que son medios para aprender e algunha vez obxecto de avaliación. Urxe que se responsabilicen dos bens comúns e se fagan solidarios.

É importante que o discente se afaga a realizar actividades fóra da aula, na compañía do profesor ou sen el. Débeselle incitar á participación na vida cultural do entorno exterior á escola: frecuentar as bibliotecas, asistir a conferencias axeitadas ao seu nivel, visitar librerías ou feiras do libro, asistir ao cine ou ao teatro...

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS I EXTRAESCOLARES

Entre as actividades extraescolares de posible realización está a asistencia á representación dunha obra de teatro grega e outra romana, probablemente no marco das sesións que organiza en Lugo a Sección Galega da SEEC para os alumnos que cursan as materias dos departamentos de

Clásicas de Ensino Secundario.

Para ilustrar o tema da *Romanización de Gallaecia* faremos unha visita á parte romana do Museo de Pontevedra.

Este apartado queda aberto a posibles conferencias, exposicións, excursións didácticas e outras actividades que xurdan ao longo do curso tanto no centro de ensino como fóra.

11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

a. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumos, aspectos históricos ou culturais.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade de identificar en textos e situar no espacio e no tempo feitos e personaxes relevantes da civilización romana e relacionalos con referentes actuais.

Este criterio contribúe a avaliación das competencias básicas *b), c) e d)*.

Constituirá un 10% da avaliación final.

b. Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

Téntase de comprobar se os alumnos son quen de identificar os mitos traballados na aula en manifestacións literarias e doutro tipo e de recoñecer as pegadas do mundo clásico nos distintos restos arqueolóxicos e manifestacións artísticas, ben explicando as características distintivas, ben diferenciándoas a través dos medios audiovisuais.

Con este criterio avaliamos as competencias básicas *c), e) e h)*.

Será un 10% da nota final.

c. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

Preténdese avaliar a capacidade para usar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferencias de significado entre palabras da mesma orixe.

Por este criterio avalíanse as competencias básicas *a) e g)*.

Será criterio de avaliación dun 5% da puntuación final.

d. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica e explicar o seu sentido etimolóxico.

Téntase de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes grecolatinos e definir etimoloxicamente os termos tanto cotiáns coma científicos e técnicos.

Avaliamos con este criterio as competencias básicas *a)* e *g)*.

Será criterio de avaliación dun 5% da puntuación final.

e. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

Avaliamos con este criterio as competencias básicas *a)* e *g)*.

Suporá un 10% da avaliación final.

f. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

Trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analogías e diferencias con elementos e estruturas da súa propia lingua.

Perante este criterio avaliamos as competencias básicas *a)* e *g)*.

Contará un 30% da nota final.

g. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

Tenta de comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

Avalíanse as competencias básicas *a)* e *g)*.

Este criterio avaliará o 20% da nota.

h. Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Téntase de comprobar se os alumnos son capaces a buscar información e a elaborar un traballo sobre algúns dos aspectos de legado clásico e a capacidade de exposición posterior na aula.

Avalíanse con este criterio todas as competencias básicas da E.S.O., con menor incidencia na lingüística.

Avaliará o 10% da nota final.

12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos	Instrumentos
Definición de conceptos fundamentais da cultura latina	Cuestións específicas das probas obxectivas Traballos
Lectura de textos axeitados ao nivel cognoscitivo	Resumes e esquemas Cuestións sobre a lectura
Actividades relacionadas co léxico	Cuestións específicas das probas obxectivas
Invenición de contextos nos que usar con propiedade os latinismos estudados	Cuestións específicas das probas obxectivas Traballos de investigación de campo
Actividades gramaticais e de tradución	Cuestións específicas das probas obxectivas
Corrección na expresión oral e escrita	Traballos Exposicións orais
Utilizacións das TICs	Traballos

13. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS

- a. *Proba de avaliación inicial*: realizarase ao comezo do curso para ver o grao de coñecemento dos discentes sobre o sistema da lingua, a súa historia e evolución, o léxico e a cultura, temas que nalgún caso poden ter vistos en materias de cursos anteriores, como as de Lingua Castelá ou Galega, Ciencias Sociais ou Relixión, entre outras. Serviranos para saber en que aspectos deberemos incidir máis.
- b. *Probas de avaliación formativa*: A base estará nas probas obxectivas de avaliación, unha ou dúas por trimestre, que aportarán unha porcentaxe da nota segundo os criterios que tenten avaliar: unhas veces incluíran preguntas sobre os libros lidos e os traballos realizados e noutras ocasións estes aspectos serán avaliados en probas específicas ou oralmente.

- c. *Proba de avaliación sumativa*: comprensiva de toda a materia estudiada durante o curso. No seu momento decidirse a conveniencia ou non de volver a avaliar a lectura dos libros e a presentación dos traballos xa cualificados positivamente en trimestres anteriores.
- d. A cualificación final da proba obxectiva, tanto formativa coma sumativa, virá matizada pola actitude do discente diante da materia, valorada mediante a asistencia a clase, o traballo na aula e na casa e o comportamento.

14. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Constará dunha proba obxectiva avaliabile e non calificada, que incluírá:

- a. Definición de conceptos da cultura latina a partir dos coñecementos que poidan ter visto en cursos anteriores en materias como Ciencias Sociais, Relixión ou Literaturas.
- b. Ítemes relacionados co léxico: cultismos, semicultismos, palabras patrimoniais, prefixos, sufixos e raíces...
- c. Invención de contextos nos que usar con propiedade os latinismos estudados.
- d. Análise sintáctico ou morfosintáctico de cláusulas sinxelas nas linguas nais dos discentes.

15. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Non haberá probas obxectivas de recuperación durante a avaliación formativa, xa que por ser o Latín unha materia de contidos de progresiva complexidade, os anteriores son obxectos de avaliación nas probas formativas seguintes. Só haberá alomenos unha segunda proba de avaliación sumativa, para non deixar ao azar o resultado da materia: neste caso, contabilizarase para obter a cualificación final a nota máis alta das acadadas nas probas obxectivas de avaliación sumativa.

16. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A práctica da materia non recuperada, dado que se trata de contidos de progresiva complexidade, vaise realizando á vez que se fan os exercicios das novas explicacións. A aqueles alumnos que estean dispostos, daráselles exercicios para que poidan traballar máis polo miúdo os contidos que teñen menos craros e solucionen as súas dúbidas coa corrección personalizada por parte da profesora. Só cando a docente perciba que as dúbidas ou incompreensións son xeralizadas, volverá a repasar ese tema concreto con todo o grupo.

17. PROCEDIMIENTO PARA A CUALIFICACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Nesta materia, a nivel do E.S.O. non existen materias pendentes, xa que a Cultura Clásica non é chave para o Latín de 4º, ao seren ambas materias optativas independentes.

De igual modo, os alumnos de 4º non asisten a programas de reforzo con atribución horaria.

18. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA OS DISCENTES REPETIDORES

Os alumnos repetidores seguirán o mesmo programa que os seus compañeiros que cursan a materia por vez primeira, podendo beneficiarse do mesmo plan de superación da materia pendente que o resto dos alumnos do curso.

Con todo, daráselles a posibilidade de que preparen a proba de acceso a Ciclo Medio nas horas de clase da materia, baixo a supervisión da profesora, sempre segundo o criterio e directrices da orientadora do centro.

19. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Na cualificación final, matizada pola actitude, o discente deberá acadar o 50% dos contidos mínimos, tanto en xuño coma en setembro.

20. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Dado que a avaliación é única en tres procesos –inicial, formativa e sumativa-, o plan de avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente vai incluído no proceso de seguimento do grao de consecución dos obxectivos, do que forman parte, así mesmo, as actividades de avaliación.

21. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En pro da individualización do ensino hanse programar medidas xerais de adaptación curricular: actividades que sirvan de reforzo na aprendizaxe aos máis lentos e outras que amplíen o coñecemento de quen sobrepase o grao de desenvolvemento cognitivo propio do grupo.

Moi motivador é implicalos na realización dun traballo que lles interese, elixido por eles mesmos.

Outro xeito de reforzo da aprendizaxe é repetir os controis, explicando de cada vez os erros.

Así mesmo, poderanse dar exercicios de reforzo dos materiais explicados, sobre todo no que atinxe á gramática, con textos simples, que sirvan para afondar na comprensión dos contidos. Pode darse o caso de que o discente non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas nais: nese caso haberá que proporcionarlle exercicios en galego ou castelán antes de chegar ao latín. Aos alumnos máis avantaxados pódese proporcionar exercicios de maior dificultade, reforzadores dos motivos de logro.

22. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Hai catro tipos de circunstancias nas que incorporar os temas transversais:

- facelos coincidir coas datas nas que a sociedade os conmemora -día dos dereitos humanos, da muller traballadora...- ;
- coas campañas de sensibilización -o racismo...-;
- optar por un tratamento interdisciplinar, de acordo coas áreas implicadas, para tocar o tema todos á vez;
- aproveitar as situacións espontáneas para provocar a reflexión, mandándolles aos propios alumnos que requiran máis información, se cadra, doutros profesores. Moitas veces xurdirán os temas a partir dos textos e temas que se analizan; outras serán enunciados como manifestación das propias inxerencias dos discentes.

Nas tres primeiras circunstancias apuntadas partirase de textos e material audiovisual buscados *ad hoc* polo docente. Así, *v.g.*, na educación para a saúde, usaremos os que teñan que ver co exercicio físico e os deportes, a alimentación, as comidas, o uso das drogas, etc. Na educación para o consumo, perícopas sobre as clases sociais, a vivenda, etc. Para a igualdade de sexos, autores que traten o tema do machismo, da familia ou da dignidade da persoa, ou mitos sobre a diferente forma de entender os roles masculino e feminino. Na educación para a paz, textos sobre guerras, a romanización, etc. Para a educación ambiental nada mellor que unha perícopa co tópico do *locus amoenus*, e mesmo tamén utilizaremos *Bucólicas* e *Xeórxicas*, de Virxilio. Para o lecer, un texto sobre as termas, entre outros. Para a educación vial, textos sobre as calzadas e os miliarios e topónimos que fagan referencia a eles.

Porque o motivo máis importante, quizais, da pertenza do Latín ó currículo do ESO e do Bacharelato de Humanidades é que cheguemos a coñecer mellor os nosos sinais de identidade persoal e cultural, nesta materia teñen cabida case que tódolos temas transversais do currículo, xa que *homo sum. Humani nil a me alienum puto*.

23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Tentaremos ler un libro cada mes ou cada dous, dependendo da velocidade e da comprensión

lectora dos discentes.

Para o desenvolvemento da competencia lectora traballaremos con textos de distinto tipo: narracións novelísticas de tema romano, lendas mitolóxicas, textos informativos, cancións, poemas, imaxes de representacións artísticas en fotografía ou buscadas na rede, noticias xornalísticas...

Os libros de lectura fixa deste curso serán:

1ª avaliación:

- Setembro-outubro: Vivet-Rémy, A-C, *Rómulo y Remo*, Col. "Para descubrir a los clásicos, Akal. (Resolver os xogos do libro. Faranse preguntas na proba escrita.)
- Outubro-novembro: Varios, *Así vivían los romanos*, Anaya. (Haberá que expoñer un traballo de algún dos temas do libro ou doutro elixido polos discentes.)
- Novembro-décembro: Reid Banks, Lynne, *Tigre, Bambú*. (Posible guía de lectura.)

2ª avaliación:

- Xaneiro-febreiro: Gándara, Lola: *Guárdate de los Idus*, Gran Angular. (Guía de lectura.)
- Febreiro-marzo: Aguirre, Mercedes, *Cuentos de la mitología griega I*, Ediciones de la Torre (Traballo sobre os mitos lidos e a súa proxección nas artes.)

3ª avaliación:

- Abril-maio: Aguirre, Mercedes, *Cuentos de la mitología griega II*, Ediciones de la Torre (Pode substituírse por un traballo de toponimia, onomástica ou pervivencia actual dos costumes romanos.)
- Maio-xuño: Sánchez-Escalonilla, Antonio, *Ana y la Sibila*, Bambú. (Guía de lectura.)

Para os outros textos, estaremos abertos á marcha do grupo, ás súas inxerencias e ás circunstancias que poidan xurdir oportunamente. Buscarase como unha estratexia de comprensión lectora que o texto, na medida do posible, conecte cos intereses dos discentes.

Para o desenvolvemento da competencia literaria poderemos utilizar a lectura de alomenos algún capítulo da *Eneida* en versión adaptada.

Segundo as características do grupo e o tipo de texto, verase a conveniencia da lectura individual ou en conxunto na aula. Estes textos serán obxecto de cuestións nas probas obxectivas ou por medio de traballos guiados por preguntas.

Como estratexia para coñecer a comprensión dos discentes e para melloralas, será conveniente, de cando en vez, a lectura en voz alta, ben útil para percibir onde dubidan e facer as aclaracións pertinentes, así como para explicar e ampliar o vocabulario, poñer en común ideas e axudalos a distinguir cales destas son as principais.

De igual modo, poderanse facer exercicios de comprensión: v.g., textos con erros ou lagoas ou que deban seren completados, xogos e pasatempos que teñan que ver coa comprensión dos textos xogos de léxico...

24. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TICs

- Traballarán exercicios de páxinas escollidas da rede ou elaborados pola docente mediante

programas informáticos *ad hoc* (v.g., Ardora, Java Clic ou Plataforma Moodle) para resolver no ordenador.

- Empregarán as aplicacións informáticas (Plataforma Google Apps) para elaborar e presentar traballos de investigación.
- Buscarán información na rede e aprenderán a facer un uso crítico dos contidos que atopen.
- Aproveitarán algunhas lecturas para facer un traballo de comparación co tratamento do mesmo tema en medios audiovisuais ou nas variopintas informacións que aparecen en internet. E para responder ás cuestións sobre os libros de lectura ou os filmes que visionen, ás veces terán que recurrir á rede.

25. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

De acordo co Plan de Convivencia do Centro, este departamento considera a convivencia nel cunha visión construtiva e positiva, en tanto que coida que as actuacións han ir encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e á resolución dos conflitos, entendidos estes como manifestacións de que a interacción humana é complexa e cargada de valoracións.

A resolución dos conflitos levarannos a desenvolver as capacidades de resistencia á frustración; de escoita e valoración das persoas e os seus xeitos de ver o mundo, distintos do noso; de apertura perceptiva ás mesmas realidades desde outras perspectivas; de reflexión crítica sobre o universo, os demais e nós mesmos e da nosa forma de estarmos no mundo, dos nosos pensamentos, afectos e crencias.

As actuacións na aula diante dos conflitos levaranse a cabo, en principio, no primeiro nivel, de busca da solución positiva, sen sancións: falarase co alumno ou alumnos directamente implicados –individual ou colectivamente, segundo o tipo de conflito-, e, de ser o caso, farase un proceso de mediación dentro da aula. Se non se atopa solución ou o conflito implica directamente á docente, recurrirase a un mediador do centro, externo ao grupo de clase. Se o conflito ou actitude negativa é reiterado, remitirase, para a súa corrección, ao titor ou xefe de estudos, e, de verse a conveniencia, chamarase aos pais ou titores para reflexionar con eles a actuación conxunta máis axeitada.

De verse a necesidade, realizaranse dentro da aula xogos de habilidades sociais, para fomentar a empatía, o autoconcepto, a autoestima, o locus de control interno e a asertividade.

Potenciaranse:

- ✚ a actitude de respecto e bo trato entre a docente e os alumnos;
- ✚ a escoita activa;
- ✚ o valor de que cada un de nós contribúe á boa ou mala marcha do grupo como tal e de cadanseu dos seus membros;
- ✚ o traballo en equipo (aprendizaxe cooperativa);
- ✚ a concienciación de que todos temos capacidades que podemos pór ao servizo de todos.